



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 19 de novembro de 2020 (903/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás quince horas do día dezanove de novembro de dous mil vinte, en segunda convocatoria, e baixo a presidencia da tenente de alcalde, Sra. Silva Rego (RD 19/11/2020), por ausencia do Excmo. Sr. alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(963).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión acta da sesión ordinaria do 12 de novembro e extraordinaria e urxente do 13 de novembro de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(964).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROCURADORÍA PARA A REPRESENTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO PERANTE DISTINTOS ÓRGANOS XUDICIAIS . EXPTE. 12650/111.**

Visto o informe de fiscalización do 11/11/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada en data 11/11/2020, que di o seguinte:

## 11.- Propostas de adxudicación

a) Acordo marco para a contratación polo Concello de Vigo dos servizos de procuradoría dos tribunais (12.650-111)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o Acordo marco para a contratación polo Concello de Vigo dos servizos de procuradoría dos tribunais (12.650-111)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 9 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*I. "A aprobación do expediente de contratación numerado como 12650/111, de contratación dos servizos de procuradoría dos tribunais por medio dun Acordo Marco, coas características definidas nos pregos.*

*II. A aprobación do Prego de prescricións técnicas do 7 de abril do 2020 redactado pola Asesoría Xurídica e o Prego de cláusulas administrativas particulares do 1 de xuño do 2020 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen neste expediente, para a contratación dos servizos de procuradoría dos tribunais por medio dun Acordo Marco.*

*III. A aprobación do gasto máximo por importe de 283.702,56 € (17.731,41 € para a anualidade de 2020, 70.925,64 € para a anualidade de 2021, 70.925,64 € para a anualidade de 2022, 70.925,64 € para a anualidade de 2023 e 53.194,23 € para a anualidade de 2024, para a contratación dos servizos de procuradoría dos tribunais por medio dun Acordo Marco, con cargo á partida orzamentaria 9200 2260400 ("Gastos xudiciais e notariais").*

*Os importes anteriores incrementaranse co importe correspondente ao tipo impositivo do IVE, sendo na actualidade do 21%.*

*IV. A aprobación do gasto máximo por importe de 300 €, para atender os gastos notariais relativos ao documento de apoderamento en favor dos licitadores seleccionados a través deste procedemento, con cargo á partida orzamentaria 9200 2260400 ("Gastos xudiciais e notariais").*

*A apertura do procedemento de contratación segundo os trámites recollidos na normativa actualmente en vigor".*



## Concello de Vigo

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 13 de outubro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Tomar razón da renuncia das proposicións presentadas por D<sup>a</sup>. SAGRARIO QUEIRO GARCÍA nos lotes 2 e 3 deste procedemento.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no acordo marco para a contratación polo Concello de Vigo dos servizos de procuradoría dos tribunais (12.650-111) na seguinte orde descendente:*

*- LOTE 1: partido xudicial de Vigo*

- 1. María Jesús Nogueira Fos: 72,75 puntos*
- 2. Paula Llordén Fernández Cervera: 67,5 puntos*
- 3. Sagrario Queiro García: 58,5 puntos*
- 4. Jesús Antonio Puelles Casal: 51,5 puntos*

*- LOTE 2: partido xudicial de A Coruña*

- 1. Garrido Procurador e Asociados S.L.P.: 70,5 puntos*
- 2. Begoña Millán Iribarren: 58,5 puntos*

*- LOTE 3: partido xudicial de Madrid*

- 1. María del Mar Villa S.L.: 59,75 puntos*

*Terceiro.- Requirir aos 4 licitadores clasificados en primeiro lugar no lote 1: María Jesús Nogueira Fos, Paula Llordén Fernández Cervera, Sagrario Queiro García e Jesús Antonio Puelles Casal; aos 2 licitadores clasificados no lote 2: Garrido Procurador e Asociados S.L.P. e Begoña Millán Iribarren; e á única licitadora clasificada no lote 3: María del Mar Villa S.L., para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incursos en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP)”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada aos candidatos clasificados no lote 1: María Jesús Nogueira Fos, Paula Llordén Fernández Cervera, Sagrario Queiro García e Jesús Antonio Puelles Casal; aos 2 licitadores clasificados no lote 2: Garrido Procurador e Asociados S.L.P. e Begoña Millán Iribarren; e á única clasificada no lote 3: María del Mar Villa S.L., o día 15 de outubro de 2020, que presenta a documentación requirida dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 30 de outubro de 2020 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo a María del Mar Villa S.L. e D<sup>a</sup>.

Sagrario Queiro García para que puidesen emendar a documentación presentada. A Mesa acordou que a documentación presentada polos demais candidatos clasificados era correcta.

Dentro do prazo concedido para o efecto, María del Mar Villa S.L. e D<sup>a</sup>. Sagrario Queiro García presentaron nova documentación.

**Quinto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 11 de novembro de 2020 revisou a documentación presentada por María del Mar Villa S.L. e D<sup>a</sup>. Sagrario Queiro García, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación destes procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar no lote 1: María Jesús Nogueira Fos, Paula Llordén Fernández Cervera, Sagrario Queiro García e Jesús Antonio Puelles Casal; os 2 licitadores clasificados no lote 2: Garrido Procurador e Asociados S.L.P. e Begoña Millán Iribarren; e a única clasificada no lote 3: María del Mar Villa S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As ofertas máis vantaxosas para a administración contratante é a formulada por lote 1: María Jesús Nogueira Fos, Paula Llordén Fernández Cervera, Sagrario Queiro García e Jesús Antonio Puelles Casal; os 2 licitadores clasificados no lote 2: Garrido Procurador e Asociados S.L.P. e Begoña Millán Iribarren; e a única clasificada no lote 3: María del Mar Villa S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 3 e 24 de setembro de 2020, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



## Concello de Vigo

1. *“Tomar razón da renuncia das proposicións presentadas por D<sup>a</sup>. SAGRARIO QUEIRO GARCÍA nos lotes 2 e 3 deste procedemento.*
2. *Adxudicar o acordo marco para a contratación polo Concello de Vigo dos servizos de procuradoría dos tribunais (12.650-111) aos seguintes licitadores cunha redución do 12% sobre as contías dos aranceis fixados polas disposicións arancelarias vixentes:*

*- LOTE 1: partido xudicial de Vigo*

1. *María Jesús Nogueira Fos*
2. *Paula Llordén Fernández Cervera*
3. *Sagrario Queiro García*
4. *Jesús Antonio Puelles Casal*

*- LOTE 2: partido xudicial de A Coruña*

1. *Garrido Procurador e Asociados S.L.P.*
2. *Begoña Millán Iribarren*

*- LOTE 3: partido xudicial de Madrid*

1. *María del Mar Villa S.L.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(965).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATACIÓN POR LOTES DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE A GUÍA E RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE FRAGOSELO-CORUXO. EXPTE. 565/441.**

Visto o informe de fiscalización do 11/11/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada en data 11/11/2020, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de renovación de céspede artificial e instalacións no campo de fútbol de A Guía e a renovación de céspede artificial e instalacións no campo de Fragoselo-Coruxo (565-441)

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de renovación de céspede artificial e instalacións no campo de fútbol de A Guía e a renovación de céspede artificial e instalacións no campo de Fragoelo-Coruxo (565-441)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 23 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de “RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE A GUÍA E RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE FRAGOSELO-CORUXO”.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 13.07.2020.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CINCOCENTOS CINCUENTA E CATRO MIL TRESCENTOS CINCUENTA EUROS con NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (554.350,96 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 96.209,67 €.*

*O importe total atópase dividido segundo a seguinte distribución en lotes:*

	<i>IMPORTE SEN IVE</i>	<i>IVE</i>	<i>PREZO</i>
<i>LOTE 1 (A GUÍA)</i>	<i>282.597,96 €</i>	<i>59.345,57 €</i>	<i>341.943,53 €</i>
<i>LOTE 2 (FRAGOSELO)</i>	<i>175.543,33 €</i>	<i>36.864,10 €</i>	<i>212.407,43 €</i>
<i>TOTAL</i>	<i>458.141,29 €</i>	<i>96.209,67 €</i>	<i>554.350,96 €</i>

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 3420.632.00.14 (INVEST. MELL. CAMPOS FÚTBOL, COOF. DEPUTACIÓN).*



## Concello de Vigo

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 26 de outubro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Tomar razón da non admisión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 2 de setembro de 2020, de OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L. nos dous lotes deste procedemento, por ter emendado a documentación esixida para declarar o cumprimento dos requisitos previos fóra do prazo concedido.*

*Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados pola enxeñeira industrial municipal, o enxeñeiro de Camiños Canles e Portos municipal-xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 21 de outubro de 2020:*

1. OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A. (lote 2)
2. URBAN GLOBAL 2018 S.L. (lotes 1 e 2)

*Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de renovación de céspede artificial e instalacións no campo de fútbol de A Guía e a renovación de céspede artificial e instalacións no campo de Frago selo-Coruxo (565-441) na seguinte orde descendente:*

*Lote nº 1: campo de fútbol da GUÍA*

<b>Orde</b>	<b>Empresas licitadoras</b>	<b>Puntuación total</b>
1º	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	97,99
2º	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	81,79
3º	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	61,05
4º	EMERGIS CONSTRUCCION S.L.	23,74
5º	MONDO IBÉRICA, S.A.U.	13,65

*Lote nº 2: campo de fútbol de FRAGOSELO*

<b>Orde</b>	<b>Empresas licitadoras</b>	<b>Puntuación total</b>
1º	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	94,33
2º	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	86,88
3º	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	77,85
4º	EMERGIS CONSTRUCCION S.L.	19,12
5º	MONDO IBÉRICA, S.A.U.	13,65

*Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 27 de outubro de 2020, que presenta a documentación requirida o 9 de novembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 11 de novembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 30 de setembro e 21 de outubro de 2020, respectivamente.





## Concello de Vigo

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da non admisión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 2 de setembro de 2020, de OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L. nos dous lotes deste procedemento, por ter emendado a documentación esixida para declarar o cumprimento dos requisitos previos fóra do prazo concedido.*
2. *Tomar razón da exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se indican por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados pola enxeñeira industrial municipal, o enxeñeiro de Camiños Canles e Portos municipal-xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 21 de outubro de 2020:*
  - *OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A. (lote 2)*
  - *URBAN GLOBAL 2018 S.L. (lotes 1 e 2)*
3. *Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678) o procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de renovación de céspede artificial e instalacións no campo de fútbol de A Guía e a renovación de céspede artificial e instalacións no campo de Fragoselo-Coruxo (565-441) coas seguintes condicións:*
  - a) *O prezo total do lote 1 “A Guía” é de 339.378,95 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 58.900,48 euros.*
  - b) *O prezo total do lote 2 “Fragoselo” é de 210.814,38 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 36.587,62 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(966).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMISTRO DE ESPECIES VEXETAIS. EXPTE. 13862/446.**

Visto o informe de fiscalización do 16/11/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada en data 16/11/2020, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de especies vexetais (13.862-446)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de especies vexetais (13.862-446)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 3 de setembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada do contrato de subministro de especies vexetais, así como o prego de prescricións técnicas particulares asinado na data 20 de febreiro de 2020 e, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 17 de xullo de 2020.*

*SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 270.000,00€, que inclúe un IVE de 24.454,45€, o cal se imputará á partida 1710.2100004 “Adquisición de arborado e arbustos”, que se distribuirá en catro anualidades, tal e como se desglosa a continuación:*

Ano	Importe
2020	30.000,00 €
2021	80.000,00 €
2022	80.000,00 €
2023	80.000,00 €

*TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de novembro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de especies vexetais (13.862-446) na seguinte orde descendente:*



## Concello de Vigo

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA	100,00
2	VERALEZA, S.L.U.	95,29
3	PLANTAS DE LEVANTE, S.L.	48,42
4	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	25,26

*Segundo.-* Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA (\*\*.\*23.31\*), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA, o día 3 de novembro de 2020, que presenta a documentación requirida o 6, 10 e 11 de novembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 16 de novembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula asinado o 23 e 26 de outubro de 2020.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA (\*\*.\*23.31\*) o procedemento aberto para a contratación do subministro de especies vexetais (13.862-446) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 270.000,00 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 24.454,45 euros, cunha baixa proporcional única do 10,50 % a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados na cláusula 2 do PPT.*
- b) *Propón unha redución no prazo de entrega dos materiais a subministrar sobre o mínimo esixido no apartado 5 do PPT (10 días) de 7 días.*
- c) *Propón os seguintes incrementos dos prazos mínimos de garantía sinalados no apartado 11 do PCAP:*
  - *Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido para o Grupo I Arborado (4 meses) en 60 días.*
  - *Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido para o Grupo II Arbustivas (3 meses) en 30 días.*
  - *Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido para o Grupo III Planas varias (2 meses) en 20 días.*
  - *Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido para o Grupo IV Planta de tempada (1 mes) en 10 días.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **5(967).- PROPOSTA DE ACORDO DE NON CELEBRAR O CONTRATO MIXTO DUNHA EXPOSICIÓN BELENÍSTICA DURANTE AS CAMPAÑAS DO NADAL 2020-2021. EXPTE. 7161/106.**

Dáse conta do informe-proposta do 16/11/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e polo interventor xeral, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2
- Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2
- Orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia do 21 outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación mixta, por procedemento aberto, dunha exposición belenística durante as campañas do Nadal 2020-2021 e 2021-2022 na Casa das Artes de Vigo (PCAP)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 2 de outubro de 2020 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación mixta, por procedemento aberto, dunha exposición belenística durante as campañas do Nadal 2020-2021 e 2021-2022 na Casa das Artes de Vigo, autorizar o gasto e abrir a licitación.

Este contrato ten por obxecto o subministro, instalación, vixilancia e mantemento dunha Exposición Belenística e dunha exposición fotográfica, durante as Campañas do Nadal 2020-2021 e 2021-2022, así como o control de accesos á exposición situada no edificio municipal da Casa das Artes en Vigo ou naquel outro lugar de similares características designado previamente polo servizo de Comercio (apartado 2A do PCAP).

**Segundo.-** En data 2 de outubro de 2020 publicouse o anuncio de licitación no perfil de contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, e abriuse o prazo de presentación de ofertas.

**Terceiro.-** A Orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia do 21 outubro de 2020 estableceu medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que afectan, entre outros moitos, ás bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada.

Mediante Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse un novo estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, prorrogado polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro ata maio de 2021.

**Cuarto.-** En data 27 de outubro de 2020, o xefe do Servizo de Comercio coa conformidade do concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, solicita ao Servizo de contratación a tramitación da proposta de non adxudicación do citado contrato nos seguintes termos:

*"Á vista do Estado de Alarma decretado polo Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS COV-2 e tendo en conta a Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen as medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, solicítase desde este Departamento de Comercio a paralización definitiva, e en consecuencia desistir, da tramitación do expediente número 7161/106 polo que se está a tramitar a contratación mixta, por procedemento aberto, dunha exposición belenística durante as Campañas do Nadal 2020-2021 e 2021-2022 na Casa das Artes de Vigo.*

*Segundo o devandito Real decreto e en ausencia dunha vacina para o COVID-19, débense tomar medidas de saúde pública de carácter non farmacolóxico a fin de reducir a taxa de contaxio na poboación, evitando a agrupación de persoas sen relación de convivencia e manter o distanciamento entre estas, así como reducir a mobilidade das poboacións. De feito, existe evidencia de que o contacto social nos espazos pechados conleva un alto risco de transmisión do virus por medio de aerosoles.*

*Doutra banda, a Xunta de Galicia, a través da Orde de 21 outubro de 2020, limitou en toda a comunidade autónoma os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, a un máximo de cinco persoas, excepto no caso de personas convivintes.*

*Así, tendo en conta a repercusión mediática da Exposición Belenística en anteriores edicións, con elevada asistencia de visitantes, e que a súa localización na Casa das Artes no posibilita unha ventilación adecuada que garanta a seguridade cidadá fronte a expansión do COVID-19 este Departamento de Comercio, considera conveniente:*



## Concello de Vigo

1. *Non adxudicar a súa contratación para a vindeira Campaña 2020-2021 a fin de axustarse á legalidade existente na actualidade no tocante aos Protocolos COVID establecidos.*
2. *Anular a autorización de gasto do presente expediente”.*

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

-I-

#### DA DESISTENCIA E DA DECISIÓN DE NON ADXUDICAR OU NON CELEBRAR O CONTRATO

A nosa lexislación contractual permite ao órgano de contratación desistir do procedemento de adxudicación ou adoptar a decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato en determinados supostos.

Para poder adoptar un destes acordos é preciso que se cumpran os seguintes requisitos (artigo 152 LCSP):

1. Que se acorde polo órgano de contratación antes da formalización do contrato.
2. Que estea fundado:
  - Nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, no caso da desistencia.
  - En razóns de interese público, no caso da decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato.
3. Que se xustifique no expediente a concorrencia da causa.

-II-

#### DA CONCORRENCIA DOS REQUISITOS LEGAIS PARA ACORDAR A DECISIÓN DE NON CELEBRAR O CONTRATO

Analizaremos a continuación a concorrencia dos requisitos esixidos na lei para adoptar a decisión de non celebración do contrato no suposto que nos ocupa:

##### **a) Non formalización do contrato:**

Queda acreditado no expediente que o contrato aínda non se formalizou. De feito, o estado actual da tramitación do expediente correspóndese co prazo de presentación de proposicións rematado a día 19 de outubro de 2020 e pendente de apertura das proposicións.

Consultada a Plataforma de Contratos do Sector Público polo Servizo de Contratación comprobouse que non se presentou ningunha oferta a través deste medio. No entanto, consta no expediente certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 12 de novembro que se transcribe a continuación:

*“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo para a presentación de proposicións publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 02/10/2020 para a*

*contratación por procedemento aberto da "O subministro, instalación, vixilancia e mantemento dunha Exposición Belenística e dunha exposición fotográfica, durante as Campañas do Nadal 2020-2021 e 2021-2022, así como o control de accesos á exposición situada no edificio municipal da Casa das Artes en Vigo ou naquel outro lugar de similares características designado previamente polo servizo de Comercio.Expte. 7161-106" que rematou o día 19 de outubro do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, presentouse a seguinte oferta:*

*- AGRUPACION BELENISTA LA MORANA (G49180904), documentos 200190093, 200190096 e 200190096".*

#### **b) Causa:**

A causa alegada para a decisión de non adxudicar o contrato está fundada en razóns de interese público por mor da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Mediante a Orde do 21 outubro de 2020 limitáronse en toda a Comunidade Autónoma os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, a un máximo de cinco persoas, agás no caso de persoas convivintes.

Segundo informa o servizo xestor non resulta conveniente adxudicar o contrato *"tendo en conta a repercusión mediática da Exposición Belenística en anteriores edicións, con elevada asistencia de visitantes, e que a súa localización na Casa das Artes no posibilita unha ventilación adecuada que garanta a seguridade cidadá fronte a expansión do COVID-19 este Departamento de Comercio"*.

#### **c) Xustificación da causa:**

Coa exposición da concorrencia desta causa cumprírase o último dos requisitos legais para poder acordar a decisión de non adxudicar un contrato.

### **-III-**

#### **DOS EFECTOS DO ACORDO DE NON CELEBRACIÓN DO CONTRATO**

A lexislación contractual impón á administración contratante a obriga de notificar a desistencia do procedemento aos candidatos ou licitadores participantes (artigo 152.1 LCSP). Como se indicou no apartado a) do fundamento II, neste procedemento presentouse unha única proposición, a presentada pola AGRUPACIÓN BELENISTA LA MORANA (G-49.180.904) o 19 de outubro de 2020.

Así mesmo, deberá informarse á Comisión Europea cando o contrato tiña sido anunciado no DOUE, circunstancia que non concorre neste caso (artigo 152.1 LCSP).

Deberá compensarse aos licitadores ou candidatos aptos para participar na licitación dos gastos nos que tivesen incorrido na forma prevista no prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 152.2 LCSP). Prevé a cláusula 12.3 do PCAP que rexe esta contratación que *"esta indemnización non superará en ningún caso a cantidade de 100 euros"*.





## Concello de Vigo

A decisión de non adxudicar ou non celebrar o contrato por razóns de interese público impedirá que se promova unha nova licitación do seu obxecto en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a decisión (artigo 152.3 LCSP).

### -IV-

#### COMPETENCIA

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

#### ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º.- Decidir non celebrar o contrato mixto dunha exposición belenística durante as campañas do Nadal 2020-2021 e 2021-2022 na Casa das Artes de Vigo polas razóns expostas no fundamento xurídico segundo deste informe.*

*2º.- Notificar este acordo ao único licitador presentado nesta licitación, AGRUPACIÓN BELENISTA LA MORANA (G-49.180.904) e publicalo no perfil de contratante.”*

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **6(968).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA(TACGAL) SOBRE O RECURSO ESPECIAL PRESENTADO POR CLECE SA CONTRA A ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 197921/301.**

Dáse da proposta de data 16/11/2020, asinada pola xefa do Servizo de Cotnratación, que di o seguinte:

*“1º.- Tomar razón da Resolución nº 187/2020 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 178/2020, interposto por CLECE SA contra o acordo de adxudicación da contratación da prestación do servizo de axuda no fogar (SAF), expediente 197921-301 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.*

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Desestimar o recurso interposto por CLECE S.A. contra o acordo de adxudicación da contratación da prestación do servizo de axuda no fogar (SAF), expediente 197921-301 do Concello de Vigo.
2. Levantar a suspensión automaticamente producida por efecto do artigo 53 LCSP .
3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(969).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL ATALAIA-TEIS. EXPTE. 17066/332.**

Visto o informe xurídico do 06/11/2020 e o informe de fiscalización do 09/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 23/10/2020, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 27 de novembro de 2015, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a Colegio Los Milagros SL os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial das escolas infantís municipais de Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expte 17066-332), que se corresponden coa xestión das escolas Santa-Cristina-Lavadores e Costeira-Saiáns, e a Aurora, Pilar y Ana SL o lote 3 dese mesmo expediente, que se corresponde coa xestión da escola Atalaia-Teis, de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 10/07/2015 e a ofertas presentadas. No prego de cláusulas administrativas fíxase unha duración dos contratos de catro anos e establececese a posibilidade de prorrogar o mesmo por un máximo de dous anos, en prórrogas anuais.

Mediante escrito de data 23 de maio de 2019, don José Luís González Gallego como representante da entidade Aurora Pilar y Ana SL, manifesta a vontade e interese da empresa adxudicataria de acollerse a unha prórroga do contrato por unha anualidade. Mediante escrito de data 28 de maio de 2019, don José Luís Rey Parente como representante da entidade Colegio Los Milagros SL, manifesta tamén a súa vontade e interese de acollerse a unha prórroga do contrato por unha anualidade.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de decembro de 2019, acordou autorizar a prórroga do contrato para a xestión das Escolas Infantís Municipais Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns para o periodo comprendido entre o 01/01/2020 e o 31/12/2020.



## Concello de Vigo

Por último, mediante escrito de data 20 de abril de 2020 (doc 200050568), don José Luís González Gallego como representante da entidade Aurora, Pilar y Ana SL, manifesta a vontade e interese da empresa adxudicataria de acollerse á segunda e última prórroga do contrato por unha anualidade máis (periodo do 01/01/2021 ao 31/12/2021). Mediante escrito de data 24 de abril de 2020 (doc 200051425), don José Luís Rey Parente como representante da entidade Colegio Los Milagros SL, manifesta que renuncia a acollerse a esa nova prórroga. En consecuencia deste último, estase a tramitar actualmente o expediente 24359-332 para a contratación dos servizos relativos aos Lotes 1 (EIM Santa Cristina-Lavadores) e 2 (EIM Costeira-Saiáns).

A prestación do servizo de xestión da escola infantil municipal de Atalaia-Teis por parte da empresa actualmente adxudicataria (Aurora, Pilar y Ana SL) estase a realizar a plena satisfacción deste servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta, e a un prezo competitivo. Polo tanto, dende o servizo municipal de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a concreción da continuidade do servizo mediante a materialización da segunda prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP.

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral e Asesoría Xurídica, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Autorizar a **prórroga do contrato** para a xestión da **Escola Infantil Municipal Atalaia-Teis** (Lote 3 do expte 17066-332) para o periodo comprendido entre o **01/01/2021** e o **31/12/2021**, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer os seguinte importes da correspondente prórroga para o ano 2021:

A favor de Aurora, Pilar y Ana SL:

**EIM Atalaia-Teis (Lote 3 do Expediente 17066-332)**

**175.989,00 €**, que se imputarán á partida 3230.227.99.08 (Escola infantil municipal Atalaia-Teis), que se financiarán con cargo aos créditos que se asignen para tal fin no orzamento futuro do exercicio 2021.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(970).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE GASTO COMPLEMENTARIO DO RC EMITIDO EN DATA 8.01.2020 PARA FACER FRONTE AO PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DIRECTAS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO - ANO 2020. EXPTE. 9726/224.**

Visto o informe de fiscalización do 12/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 06/11/2020, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Área, a asesora xurídica de Igualdade e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 16.01.2020 aprobou o seguinte acordo:

“1º Aprobar o *Programa de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2020* que se recollen no Anexo I do expediente 9726-224.

2º Autorizar o gasto por importe de 18.000,00 Euros (dezaoto mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria “*Bolsas económicas*” 2311 480.00.00 do orzamento aprobado para o exercicio 2020 da Concellería de Igualdade, para facer fronte aos gastos que orixinan as axudas económicas directas de apoio para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

3º Aprobar o texto da convocatoria do programa de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero durante o exercicio 2020 e do extracto da mesma, (Anexos II e III ) que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, en base o establecido na Resolución de 10 de decembro da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

4º Autorizar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 18.000,00 euros, a nome das funcionarias Cristina Gómez García, con DNI número 36.098.882Z xefa do servizo de Igualdade e Amalia Mª Gándara Fernández, con DNI número 36.107.637 Y, traballadora social adscrita ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, para facer efectivo os anteditos gastos, que se farán efectivos na conta restrinxida da Tesourería Municipal.”

A finalidade desta medida é dotar ás mulleres dunha axuda económica puntual, non periódica, que lles permita afrontar os gastos máis urxentes e básicos no proceso de ruptura e que poderán consistir en: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, axuar e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

En virtude da Disposición adicional segunda, apartado 11, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, é órgano de contratación do Concello de Vigo a Xunta de Goberno Local. Non obstante, esta competencia en materia de contratos menores foi atribuída á concelleira delegada de Igualdade no ámbito das competencias da súa Área, en virtude das Resolucións de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 sobre delegacións de competencias a concelleiras/os de área e Acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20 de xuño de 2019, 4 de xullo de 2019 e 5 de setembro de 2019 sobre delegacións de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área.

As axudas económicas que se concederon ao abeiro desta convocatoria tiveron carácter temporal e extraordinario para atender situacións concretas derivadas da situación de violencia de xénero valorada e acreditada polo equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo. Durante o ano 2020 foron beneficiarias destas axudas un total de 54 mulleres, e a concesión axustouse á partida presupostaria “*Bolsas económicas*” 2311- 4800000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e ao importe de 18.000 € que en data 8.01.2020 Intervención Xeral de Fondos emitiu Retención de Crédito con nº 202000002604 para facer fronte ao devandito gasto.



## Concello de Vigo

Non obstante, por si se ata a finalización deste ano 2020 prodúcese un incremento da demanda que fixera necesario incrementar o crédito deste programa, valórase necesario solicitar un aumento na retención de crédito deste programa que permita tramitar as concesións de axudas ás posibles beneficiarias que valore o equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM) no período que resta para finalizar o presente exercicio.

Por isto, solicítase unha retención de crédito complementaria ao RC nº 2604 por importe de 2.000,00 € (saldo actual dispoñible na partida 2311- 480.00.00) contía que desde o equipo técnico do CMIDM consideran suficiente para facer fronte á demanda no período que falta ata a finalización do ano 2020.

A concesión destas axudas tramitaranse de acordo cos criterios establecidos no marco de actuación aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 16.01.2020.

Polo exposto, e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local:

“1º. Autorizar un gasto complementario do RC nº 202000002604 (tramitado en data 8.01.2020 por importe inicial de 18.000,00 €) por importe de 2.000,00 €,00 Euros (dous mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria “Bolsas económicas” 23114800000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, para facer fronte aos gastos que orixinan as axudas económicas directas de apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero no período que resta para finalizar o exercicio 2020.

2º.-Autorizar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 2.000,00 euros, a nome das funcionarias Cristina Gómez García, con DNI número \*\*\*9888\*\*, xefa do servizo de Igualdade e Amalia Mª Gándara Fernández, con DNI número \*\*\*0763\*\*, traballadora social adscrita ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, para facer efectivo os anteditos gastos, que se farán efectivos na conta restrinxida da Tesourería Municipal.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(971).- PRÓRROGA NA CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA DA REDE MUNICIPAL DE PISOS DE PROTECCIÓN PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-7. EXPTE. 10016/224.**

Dáse conta do informe-proposta de data 13/11/2020, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Área e pola asesora xurídica de Igualdade, que di o seguinte:

O día 22 de maio de 2020 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identi-

cada con NIE: \*\*\*\*2804\*, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada da súa filla menor, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valorou necesario que se aprobase a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-7, co obxecto de que a usuaria identificada con NIE núm\*\*\*\*2804\* e a súa filla, a ocupen por un período de seis meses, transcorridos os cales debería abandonar a vivenda, agás se xustificase a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/05/2020.

Desde o día 2 de xuño de 2020 a dita unidade familiar, permanece acollida temporalmente na vivenda de protección, cumprindo as normas de convivencia e os obxectivos pactados no proxecto de intervención.

O equipo multidisciplinar do CMIDM composto por unha avogada e unha traballadora social fai o seguimento da familia xunto coa educadora familiar asignada. No informe de seguimento que emite este equipo municipal en data 12 de novembro de 2020 e a teor da situación social da beneficiaria, conclúese a importancia de prorrogar a súa estancia na vivenda de protección municipal, por un período non superior a seis meses, mentres non se acaden os obxectivos previstos no proxecto de intervención.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar unha prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-7 por un período máximo de 6 meses de duración a contar desde o día 2 de decembro de 2020 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 10016/224.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(972).- DESESTIMAR A SOLICITUDE PAGO DE SUBVENCIÓN Á ENTIDADE CLUB BALONCESTO RODABALLO, CONCEDIDA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL AO ABEIRO DO “PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2019/2020”. EXPTE. 10396/224.**

Dáse conta do informe-proposta do 10/11/2020, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades, a xefa do Servizo, a asesora xurídica de Área e pola concelleira-delegada de Igualdade, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 18 de agosto de 2020 aprobou a concesión de subvencións a diferentes entidades deportivas ao abeiro do “*Programa de subvencións da Concellería de Igualdade a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2019/2020*”



## Concello de Vigo

Á entidade **Club Baloncesto Rodaballo**, CIF: G36815413 expediente 10067-224, foille concedida unha axuda por importe de 433,22 €.

Con data 30 de setembro de 2020, a entidade **Club Baloncesto Rodaballo**, a través da sede electrónica do Concello, presenta parte da documentación establecida nas Bases reguladoras para a xustificación da subvención, (documento núm. 200177520).

De conformidade co previsto nas base décimo sexta "*Comprobación das subvencións*", revisada a documentación que achega a entidade compróbase que esta documentación está incompleta, e faltan documentos esenciais que permitan comprobar a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión.

Conforme co establecido na base décimo quinta "*Xustificación das subvencións*", en data 14/10/2020, requíreselle á entidade beneficiaria para que emende a falta de documentación necesaria para xustificar a subvención concedida, polo que se lle require a seguinte documentación: anexo VI (solicitud de pagamento da subvención); anexo VII, (relación de facturas que se achegan para xustificar o importe concedido); memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxecto subvencionado na tempada de referencia; e enviar de novo as facturas que presentan, asinadas electronicamente por representante da entidade tal e como se require nas bases. Na dita notificación, advírteselle que deberá emendar a solicitude no prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación, e de non facelo teráselle por desistido da súa solicitude, nos termos previstos no artigo 21 da LPACAP.

En data 16/10/2020, a entidade **Club Baloncesto Rodaballo** rexeita a notificación electrónica (notificación nº: 66970/2020). A mesma notificación é remitida, ademais, a través do correo electrónico indicado na súa solicitude nas seguintes datas: 14/10/2020 e 28/10/2020, e indícase ademais en chamada telefónica o 16/10/2020 no número indicado na súa solicitude. Conforme coa artigo 41.5 da Lei 39/2019 do procedemento administrativo común, considérase realizado o trámite da notificación con data 16/10/2020.

Transcorridos 10 días hábiles desde que foi realizado o trámite da notificación, a entidade **Club Baloncesto Rodaballo, con CIF: G36815413, non achega a documentación requirida.**

A entidade, por tanto, non presenta ningún dos documentos que, conforme coa base 15ª da convocatoria, conforma a conta xustificativa (Anexos VI e VII, memoria e facturas coa sinatura dixital de representante da entidade). Conforme coa base décimo novena das bases reguladoras, e cos artigos 31 e 33 da Lei 9/2007 de subvención de Galicia, o artigo 34 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e artigo 88 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a falta de xustificación ou a insuficiencia desta dará lugar á perda do dereito á cobranza da subvención.

Conforme co previsto no apartado 1 da base décimo quinta da convocatoria, no artigo 68 da Lei 39/2015 (LPAC), e no artigo 20.5 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, transcorridos 10 días desde o requirimento de documentación sen que a entidade **Club Baloncesto Rodaballo, con CIF: G36815413** presente a súa emenda, e trala resolución ditada nos termos

previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común, terase por desistido da súa solicitude.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Desestimar a solicitude de subvención presentada pola entidade Club Baloncesto Rodaballo, con CIF: G36815413, á subvención concedida pola Xunta de Goberno Local de data 18 de agosto de 2020 ao abeiro do *Programa de subvencións da Concellería de Igualdade a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2019/2020*, ao transcorrer o prazo máximo legalmente establecido sen atender o requirimento de documentación para a súa xustificación, conforme co previsto no apartado 1 da base décimo quinta e no apartado 1 da base décimo novena das bases reguladoras da convocatoria.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(973).- DESESTIMAR A SOLICITUDE PAGO DE SUBVENCIÓN Á ENTIDADE CLUB SIEIRO ACROBACIA VIGO,” CONCEDIDA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL AO ABEIRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2019/2020. EXPTE. 10404/224.** Dáse conta do informe-proposta do 10/11/2020, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades, a xefa do Servizo, a asesora xurídica de Área e pola concelleira-delegada de Igualdade, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 18 de agosto de 2020 aprobou a concesión de subvencións a diferentes entidades deportivas ao abeiro do *“Programa de subvencións da Concellería de Igualdade a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2019/2020”*

Á entidade **Club Sieiro Acrobacia Vigo**, con **CIF: G36846608** expediente 10.100-224, foille concedida unha axuda por importe de 673,91 €.

Con data 30 de setembro de 2020, a entidade **Club Sieiro Acrobacia Vigo**, a través da sede electrónica do Concello, presenta parte da documentación establecida nas Bases reguladoras para a xustificación da subvención (documento núm. 200177696).

De conformidade co previsto nas base décimo sexta *“Comprobación das subvencións”*, revisada a documentación que achega a entidade compróbase que esta documentación está incompleta, e faltan documentos esenciais que permitan comprobar a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión.

Conforme co establecido na base décimo quinta *“Xustificación das subvencións”*, en data 14/10/2020, requíreselle á entidade beneficiaria para que emende a falta de documentación necesaria para xustificar a subvención concedida, polo que se lle requiren os seguintes documentos: anexo VII, (relación de facturas que se achegan para xustificar o importe concedido); memoria de actuación xustificativa do cumprimento do proxecto subvencionado na tem-





## Concello de Vigo

pada de referencia; e facturas do gasto realizado xustificativas da cantidade concedida asinadas electronicamente por representante da entidade. Na dita notificación, advírteselle que deberá emendar a súa solicitude no prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación, e de non facelo teráselle por desistido da súa solicitude, nos termos previstos no artigo 21 da LPACAP.

En data 16/10/2020, a entidade **Club Sieiro Acrobacia Vigo** accede á notificación electrónica (66972/2020). O contido do requirimento é remitido, ademais, a través do correo electrónico indicado na súa solicitude, e comunicouse de forma telefónica, a través do número indicado na solicitude, o dito contido en data 28/10/2020.

Transcorridos 10 días hábiles desde que foi realizado o trámite da notificación, a entidade **Club Sieiro Acrobacia Vigo, con CIF: G36846608, non achega a documentación requirida.**

A entidade, por tanto, non presenta ningún dos documentos que, conforme coa base 15ª da convocatoria, conforma a conta xustificativa (Anexo VI cuberto na súa totalidade, anexo VII, memoria e facturas coa sinatura dixital de representante da entidade). Conforme coa base décimo novena das bases reguladoras, e cos artigos 31 e 33 da Lei 9/2007 de subvención de Galicia, o artigo 34 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e artigo 88 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a falta de xustificación ou a insuficiencia desta dará lugar á perda do dereito á cobranza da subvención.

Conforme co previsto no apartado 1 da base décimo quinta, no artigo 68 da Lei 39/2015 (LPAC), e no artigo 20.5 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, transcorridos 10 días desde o requirimento de documentación sen que a entidade **Club Sieiro Acrobacia Vigo, con CIF: G36846608** presente a súa emenda, e trala resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común, terase por desistido da súa solicitude.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Desestimar a solicitude de subvención presentada pola entidade Club Sieiro Acrobacia Vigo,” con CIF: G36846608, á subvención concedida pola Xunta de Goberno Local de data 18 de agosto de 2020 ao abeiro do *Programa de subvencións da Concellería de Igualdade a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2019/2020, ao transcorrer o prazo máximo legalmente establecido sen atender o requirimento de documentación para a súa xustificación*, conforme co previsto no apartado 1 da base décimo quinta e no apartado 1 da base décimo novena das bases reguladoras da convocatoria.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(974).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE IGUALDADE, NO MES DE OUTUBRO DO ANO 2020. EXPTE. 10509/224.**

Dáse conta do informe-proposta de data 11/11/2020, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

**PROPOSTA:**

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de outubro do ano 2020.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicataria	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
10434-224	CMS R	Actuación musical no Pazo-Museo Quiñones de León na entrega do premio de Igualdade "Ernestina Otero"	Músicos ao Vivo, S C Galega	23112260601	16/10/2020	544,50 €
10436-224	CMS R	Planificación e execución das actuacións que integran unha nova edición do programa municipal "EnlazaVigo contra a violencia de xénero"	Xermolo Dinamización Sociocultural	23112279906	29/10/2020	18.137,90 €
10433-224	CMS U	Adquisición de 250 exemplares da publicación "Palmyre Ros e a revista Alborada (Vigo, 1966). Un proxecto pioneiro de prensa clandestina de mulleres"	Fundación 10 de marzo	2311200100	20/10/2020	2.501,20 €

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**13(975).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TRABALLOS MENORES DE MANTEMENTO E O DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO NO RÍO LAGARES, EN ZONAS EMINENTEMENTE URBANAS. EXPTE. 14597/306.**

Visto o informe de fiscalización do 12/11/2020, dáse conta do informe-proposta do da Mesa de Contratación realizada en data 11/11/2020, que di o seguinte:

**11.-** Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas (14.597-306)



## Concello de Vigo

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas (14.597-306)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 28 de maio de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo de “traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas”, conforme ao prego de prescricións técnicas asinado dixitalmente en data do 26/03/2020, polo xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas da Área de Servizos Xerais e o xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo coa conformidade da concelleira delegada de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación en data 13/04/2020.*

*SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 112.123,38 €, sendo a cota correspondente ó IVE de 19.459,42 €, resultado o importe de cada lote o seguinte:*

*lote 1 importe: 30.745,24 €, sendo a conta correspondente o IVE de 5.335,95 €*

*lote 2 importe: 30.391,05 €, sendo a conta correspondente o IVE de 5.274,48 €*

*lote 3 importe: 20.092,76 €, sendo a conta correspondente o IVE de 3.487,17 €*

*lote 4 importe: 15.087,74 €, sendo a conta correspondente o IVE de 2.618,53 €*

*lote 5 importe: 15.806,59 €, sendo a conta correspondente o IVE de 2.743,29 €*

*con cargo a partida orzamentaria de gasto é “1721.227.00.01 Limpeza do río Lagares e outros” e a súa bolsa de vinculación.*

*TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto na LCSP”.*

Con data do 11 de xuño de 2020 a Xunta de Goberno local acordou rectificar o prego de cláusulas administrativas particulares aprobado no acordo anterior no senso de corrixir a clasificación alternativa e o modelo de proposición económica.

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de outubro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de setembro de 2020, de FORESTAL SANTOMÉ, S.L. e EMDESFOR 2002, S.L. dos 5 lotes deste procedemento por non acadar o umbral mínimo de puntuación (50%) esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas (14.597-306) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 “tramo 1”

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	GROMA OBRAS, S.L.	81,83
2	LAPATIAN, S.L.	80,77
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	80,37

- Lote 2 “tramo 2”

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	GROMA OBRAS, S.L.	81,83
2	LAPATIAN, S.L.	80,05
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	79,57

- Lote 3 “tramo 3”

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	LAPATIAN, S.L.	80,45
2	GROMA OBRAS, S.L.	80,33

- Lote 4 “tramo 4”

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	LAPATIAN, S.L.	81,47
2	GROMA OBRAS, S.L.	79,88
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	79,57



## Concello de Vigo

- Lote 5 "tramo 5"

	Licitadores	Puntuación total
1	LAPATIAN, S.L.	81,47
2	GROMA OBRAS, S.L.	80,33
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	79,48

Terceiro.- Requerir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, GROMA OBRAS, S.L. (lotes 1 e 2) (B-70.484.811) e LAPATIAN, S.L. (lotes 3, 4 e 5) (B-36.940.989) para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, GROMA OBRAS, S.L. (lotes 1 e 2) e (B-70.484.811) e LAPATIAN, S.L. (lotes 3, 4 e 5), o día 9 de outubro de 2020, que presentan a documentación requirida dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 30 de outubro de 2020 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo a GROMA OBRAS, S.L. e LAPATIAN, S.L. para que puidesen emendar a documentación presentada. Os licitadores presentaron nova documentación dentro do prazo concedido.

**Quinto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 11 de novembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar GROMA OBRAS, S.L. (lotes 1 e 2) e (B-70.484.811) e LAPATIAN, S.L. (lotes 3, 4 e 5), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GROMA OBRAS, S.L. (lotes 1 e 2) e (B-70.484.811) e LAPATIAN, S.L. (lotes 3, 4 e 5), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 12 e 21 de setembro de 2020, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de setembro de 2020, de FORESTAL SANTOMÉ, S.L. e EMDESFOR 2002, S.L. dos 5 lotes deste procedemento por non acadar o umbral mínimo de puntuación (50%) esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.
2. *Adxudicar os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do servizo de traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas (14.597-306) a GROMA OBRAS, S.L. (B-70.484.811) coas seguintes condicións:*
  - *O prezo total do lote 1 é de 30.745,24 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 5.335,95 euros cunha porcentaxe de desconto do 12,21% a aplicar unicamente aos prezos unitarios do traballo tipo 1 e 2.*
  - *O prezo total do lote 2 é de 30.391,05 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 5.274,48 euros cunha porcentaxe de desconto do 11,85% a aplicar aos prezos unitarios do traballo tipo 1, 2 e 3.*
3. *Adxudicar os lotes 3, 4 e 5 do procedemento aberto para a contratación do servizo de traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas (14.597-306) a LAPATIAN, S.L. (B-36.940.989) coas seguintes condicións:*
  - *O prezo total do lote 3 é de 20.092,76 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 3.487,17 euros cunha porcentaxe de desconto do 10,00% a aplicar unicamente aos prezos unitarios do traballo tipo 1, 2 e 3.*
  - *O prezo total do lote 4 é de 15.087,74 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 2.618,53 euros cunha porcentaxe de desconto*



## Concello de Vigo

- do 10,00% a aplicar unicamente aos prezos unitarios do traballo tipo 1, 2 e 3.
- O prezo total do lote 5 é de 15.806,59 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 2.743,29 euros cunha porcentaxe de desconto do 10,00% a aplicar unicamente aos prezos unitarios do traballo tipo 1, 2 e 3.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(976).- OUTORGAMENTO DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO ANO 2020. EXPTE. 9530/320.**

Visto o informe de fiscalización do 13/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 30/10/2020, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá (Resolución 23/10/2019), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en ordinaria de 2 de xullo de 2020, aprobáronse as bases reguladoras das subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá para a ano 2020.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 135 do 16 de xullo de 2020, así como, na páxina web do Concello de Vigo, promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (28 de xullo de 2020).

Durante este prazo (de 29 de xullo a 18 de agosto), achegaron un total de corenta e cinco solicitudes (44):

	EXPTE		DOC	ENTIDADE	DATA REXISTRO
1	9659	320	200139612	BICOS DE PAPEL	2020-07-31
			200139624	BICOS DE PAPEL	2020-07-31
2	9660	320	200139549	ASOCIACION DE VECINOS MONTE DA MINA DE CASTRELOS	2020-07-31
			200139572	ASOCIACION DE VECINOS MONTE DA MINA DE CASTRELOS	2020-07-31

	EXPTE		DOC	ENTIDADE	DATA REXISTRO
3	9661	320	200140364	ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL	2020-08-03
			200140370	ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL	2020-08-03
			200140384	ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL	2020-08-03
4	9662	320	200141326	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE MATAMA LA UNION	2020-08-04
5	9663	320	200140789	ASOC VECINAL CULTURAL Y DEPORTIVA VAL DO	2020-08-03
6	9664	320	200142418	ASOCIACION FOLCLORICA CULTURAL E VECIÑAL ANDARELA	2020-08-05
			200142419	ASOCIACION FOLCLORICA CULTURAL E VECIÑAL ANDARELA	2020-08-05
7	9665	320	200144054	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS FEIRA CABRAL	2020-08-07
8	9666	320	200143728	ASOCIACION VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIANS	2020-08-07
			200143743	ASOCIACION VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIANS	2020-08-07
9	9667	320	200143617	AVCD LAVADORES	2020-08-07
			200143708	AVCD LAVADORES	2020-08-07
			200143724	AVCD LAVADORES	2020-08-07
10	9668	320	200143386	ASOC CULTURAL TRASPES	2020-08-06
			200143388	ASOC CULTURAL TRASPES	2020-08-06
11	9669	320	200145086	SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA DE PARDAVIL	2020-08-10
			200145087	SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA DE PARDAVIL	2020-08-10
12	9670	320	200145076	ASOCIACION DE VECIÑOS DA TRAVE-SIA DE VIGO E ARRABALDOS AS NO-SAS RUAS	2020-08-10





## Concello de Vigo

	EXPTE		DOC	ENTIDADE	DATA REXISTRO
13	9671	320	200145099	ASOCIACION SOCIEDADE CULTURAL DEPORTIVA E RECREATIVA HELIOS	2020-08-10
14	9672	320	200144817	ASOCIACION DE VECINOS SAN ROQUE	2020-08-10
15	9673	320	200144358	U.V.C.D CANDEÁN	2020-08-10
16	9674	320	200145360	ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER	2020-08-11
			200145363	ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER	2020-08-11
17	9677	320	200145700	ASOC DE VECINOS DE EL CALVARIO	2020-08-11
			200145701	ASOC DE VECINOS DE EL CALVARIO	2020-08-11
18	9678	320	200145752	ASOC VECIÑOS PLAZA DA MIÑOCA	2020-08-11
19	9679	320	200146296	CENTRO R.A.CULTURAL CORUXO	2020-08-12
20	9680	320	200146079	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS FONTE DO GALO	2020-08-12
21	9681	320	200146957	ASOC VECIÑAL CULTURAL E RECREATIVA SAN MAMEDE DE ZAMANS	2020-08-13
			200146958	ASOC VECIÑAL CULTURAL E RECREATIVA SAN MAMEDE DE ZAMANS	2020-08-13
22	9682	320	200146339	CENTRO R. CULTURAL DE CABRAL	2020-08-12
			200146341	CENTRO R. CULTURAL DE CABRAL	2020-08-12
23	9684	320	200146321	ASOC CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS	2020-08-12
			200146325	ASOC CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS	2020-08-12
			200146330	ASOC CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS	2020-08-12

	EXPTE		DOC	ENTIDADE	DATA REXISTRO
24	9685	320	200146314	A.V.V. "CAMIÑO VELLO DE COIA"	2020-08-12
25	9686	320	200146306	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE SARDOMA O CARBALLO	2020-08-12
			200146308	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE SARDOMA O CARBALLO	2020-08-12
26	9687	320	200147593	ASOCIACION VECIÑAL DE CONSUMIDORES USUARIOS E CULTURAL EMILIO CRESPO D	2020-08-14
			200147594	ASOCIACION VECIÑAL DE CONSUMIDORES USUARIOS E CULTURAL EMILIO CRESPO D	2020-08-14
27	9688	320	200147589	ASOCIACION DE VECINOS NOSA TERRA DE ALCA	2020-08-14
			200147591	ASOCIACION DE VECINOS NOSA TERRA DE ALCA	2020-08-14
			200147592	ASOCIACION DE VECINOS NOSA TERRA DE ALCA	2020-08-14
28	9689	320	200147586	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CORUX	2020-08-14
29	9690	320	200147518	ASOC VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA DE SAN MIGUEL DE OIA	2020-08-14
			200147526	ASOC VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA DE SAN MIGUEL DE OIA	2020-08-14
30	9691	320	200147387	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O TORREIRO DE COIA	2020-08-14
31	9692	320	200147325	ASOC DE VECINOS DE LA SALGUEIRA ROSALIA DE CASTRO DE VIGO	2020-08-14
			200147330	ASOC DE VECINOS DE LA SALGUEIRA ROSALIA DE CASTRO DE VIGO	2020-08-14
32	9693	320	200147211	SOCIEDAD CULTURAL Y DEPORTIVA ATLANTIDA	2020-08-14
			200147226	SOCIEDAD CULTURAL Y DEPORTIVA ATLANTIDA	2020-08-14
33	9694	320	200147213	ASOC DE VECINOS CRISTO DE LA VICTORIA	2020-08-14



## Concello de Vigo

	EXPTE		DOC	ENTIDADE	DATA REXISTRO
34	9695	320	200147673	ASOCIACIÓN VECIÑAL	2020-08-16
35	9696	320	200147625	A.V.C.D. SAMPAIO	2020-08-15
36	9697	320	200147619	ASOCIACION VECIÑAL DOUTOR FLEMING	2020-08-15
37	9698	320	200148397	ASOCIACION VECIÑOS FREIXO	2020-08-17
38	9699	320	200148358	CENTRO CULTURAL VECIÑAL E DEPORTIVO VIGO CENTRO	2020-08-17
			200148360	CENTRO CULTURAL VECIÑAL E DEPORTIVO VIGO CENTRO	2020-08-17
39	9700	320	200148352	AGRUPACION DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI DE VIGO	2020-08-17
			200148356	AGRUPACION DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI DE VIGO	2020-08-17
40	9701	320	200148722	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	2020-08-18
			200148324	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	2020-08-17
			200148326	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	2020-08-17
41	9702	320	200148534	ASOCIACION DE VECINOS DE NOVO VIGO	2020-08-18
			200148291	ASOCIACION DE VECINOS DE NOVO VIGO	2020-08-17
42	9704	320	200148982	ASOCIACION CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLADARES	2020-08-18
			200148984	ASOCIACION CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLADARES	2020-08-18
44	9706	320	200148513	ASOC. COLECTIVO VECIÑAL CURVA SAN GREGORIO	2020-08-18

### OBXECTO DA SUBVENCIÓN E ENTIDADES BENEFICIARIAS

As subvencións convocadas están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posi-

bilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía. As subvencións convocadas na convocatoria de 2020 están destinadas a:

- Programa I: “Gastos en mantemento”
- Programa II: “Gastos en investimento: equipamento”
- Programa III: “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles”

## CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

Segundo as bases reguladoras da subvención, a cantidade consignada presupostariamente para subvencionar o Programa I foi de 180.000 €, que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada “*Subvencións a entidades cidadás*”

Pola súa parte, a cantidade dispoñible para os Programas II “Gastos de investimento: equipamento” e Programa III “Gastos de investimento: obras e adquisición de inmobles”, é de 150.000 €, se fará efectiva con cargo á partida 9240 7800010, chamada “Transferencias de Capital Asociacións”, do orzamento de 2020.

A distribución final destas contías entre os tres Programas resultou ser a seguinte:

•Programa I:	180.000 €
•Programa II:	70.000 €
•Programa III:	80.000 €

En ningún caso, as axudas outorgadas superan os límites cuantitativos fixados na base terceira das subvencións.

## PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E CRITERIOS DE VALORACIÓN

O procedemento iniciouse de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente (art. 20 da LSG) e tramítase en réxime de **concorrenza competitiva**, de acordo co art. 22.1 da LXS.

A cláusula décima das bases reguladoras da subvención, recolle os criterios de valoración, precisando a ponderación relativa atribuída a cada un deles:

a) **Traxectoria e antigüidade da entidade**. - Ata 10 puntos.

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

- Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos

Ano 87 a 93	5
Ano 94 a 99	4
Ano 2000 a 2005	3
Ano 2006 a 2012	2
Ano 2013 a 2018	1
En adiante	0



## Concello de Vigo

- Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

Antigüidade: mais de 50 anos	5
26 a 50 anos	4
11 a 25 anos	3
5 a 10 anos	2
1 a 4 anos	1
0 anos	0

- b) **Representatividade e área de influencia.**- Ata 5 puntos  
Valorarase tendo en consideración o número de socios numerarios da asociación.

- Socios

Ata 500 socios	1
De 501 a 1000 socios	2
De 1001 a 1500 socios	3
De 1501 a 2000 socios	4
Mais de 2000 socios	5

- c) **Capacidade económica**, suficiente e axeitada da entidade para xestionar as propostas presentadas.- Ata 10 puntos:

- Segundo o presuposto de gastos do ano anterior (2019): Ata 5 puntos

Presuposto: Ata 10.000 €	5
De 10.001 a 50.000 €	4
Do 50.001 a 70.000 €	3
Do 70.001 a 100.00 €	2
Mais de 100.000 €	1

- Segundo a porcentaxe económica que achega a entidade para facer fronte ao custe do proxecto para o que solicita a subvención: Ata 5 puntos

Solvencia: Do 56% ata o 100%	1
Do 41% ata o 55%	2
Do 26% ata o 40%	3
Do 16% ata o 25%	4
Ata o 15%	5

- d) **Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto de actividades.**- Ata 25 puntos.

Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

- A) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais.

Duración media dos programas ou grupos estables (máximo 8 puntos)

Ata 3 meses:	2 puntos
--------------	----------

Ata 6 meses:	4 puntos
Ata 9 meses:	6 puntos
Ata 12 meses:	8 puntos

B) Maior número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración.

Número de actividades formativas (máximo 8 puntos)

1-10 actividades:	2 puntos
11-20 actividades:	4 puntos
21-30 actividades:	6 puntos
Máis de 31 actividades:	8 puntos

C) Que os programas inclúan contidos e métodos socioculturais e/ou socioeducativos.

Número de actividades formativas (máximo 5 puntos):

1-3 programas:	2 puntos
4-7 programas:	3 puntos
8-11 programas:	4 puntos
12 ou mais programas:	5 puntos

D) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Si:	2 puntos
Non:	0 puntos
Parcial:	1 puntos

E) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede (máximo 2 anos):

0 entidades:	0 puntos
1-3 entidades ou colaboración puntual:	1 puntos
4 ou mais entidades ou colaboración estable:	2 puntos

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

f) **Calidade e viabilidade técnica e económica das propostas.**- Ata 30 por Programa.

Distribuirase un total de 25 puntos por tramos en base ao custe do proxectos achegados para cada un dos Programas (*gastos en mantemento, gastos en equipamento e gasto en obras*):

De 1 € a 1.000 €: 1 punto

De 4.001 a 4.500 €: 11 puntos



## Concello de Vigo

De 1.001 a 1.250 €: 2 puntos	De 4.501 a 5.000 €: 12 puntos
De 1.251 a 1.500 €: 3 puntos	De 5.001 a 5.500 €: 13 puntos
De 1.501 a 1.750 €: 4 puntos	De 5.501 a 6.000 €: 14 puntos
De 1.751 a 2.000 €: 5 puntos	De 6.001 a 6.500 €: 15 puntos
De 2.001 a 2.250 €: 6 puntos	De 6.501 a 7.000 €: 16 puntos
De 2.251 a 2.500 €: 7 puntos	De 7.001 a 8.000 €: 17 puntos
De 2.501 a 3.000 €: 8 puntos	De 8.001 a 9.000 €: 18 puntos
De 3.001 a 3.500 €: 9 puntos	[...]
De 3.501 a 4.000 €: 10 puntos	De 15.001 en diante : 25 puntos

Mellora da accesibilidade cara a integración de colectivos con discapacidade, a través da eliminación de barreiras arquitectónicas, tecnolóxicas ou de integración : Ata 5 puntos

Porcentaxe do custe do proxecto adicado a esta finalidade:

100 %	5 puntos
Igual ou superior ao 75%	4 puntos
Igual ou superior ao 50 %	3 puntos
Igual ou superior ao 25 %	2 puntos
Menos do 25 %	1 punto

### g) **Colaboración das entidade coa acción da Administración Local.** Ata 20 puntos **(ACHEGASE NO EXPEDIENTE INFORME DETALLADO)**

- Valorarase o número de rexistros tramitados (Xestión de Expedientes Municipal) relacionados con peticións de carácter sociomunitario (solicitudes, queixas, suxestións...). Máximo 10 puntos:
  - Ata 3 rexistros: 4 puntos
  - De 4 a 6 rexistros: 8 puntos
  - Mais de 7 rexistros: 10 puntos
- Participación noutros programas municipais: valorase con 2 puntos cada un dos programas municipais nos que se participe, ata un máximo de 10 puntos.

### h) **Xustificación das subvencións.-** Ata 10 puntos **(ACHEGASE NO EXPEDIENTE INFORME DETALLADO)**

Coa avaliación deste criterio, o que se pretende é valorar o esforzo realizado pola entidade para unha correcta execución e xustificación das subvencións concedidas.

- Grao de cumprimento na presentación da documentación: Restarase un punto polo incumprimento da base 13<sup>a</sup>:  
*"Deberá presentarse electronicamente **unha solicitude de abono de subvención debidamente cumprimentada para cada un dos Programas subvencionados**, segundo os Anexos VIII (mantemento), IX (equipamento) e X (obras),*

*cada unha das cales, será rexistrada e asinada electronicamente cun número de documento de entrada distinto, e presentárase como documento adxunto con cada unha das solicitudes de abono, o Anexo XI: “Memoria de actividades 2019” ou documento equivalente conforme se detalla no apartado 4 desta base.*

- Restarase un punto por cada unha das emendas ou documentos requiridos para subsanar a xustificación presentada no 2019
- A aquelas entidades as que se lles aplicou a redución proporcional por xustificación incompleta, restaráselle 2 puntos mais cando a porcentaxe xustificada supere o 50% e, 3 puntos cando a porcentaxe xustificada sexa inferior ao 50 %.
- Aquelas entidades que non xustificaron ou presentaron renuncia expresa obterán unha puntuación de 0 puntos.

### **CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN**

a) Todas as asociacións ás que se propón outorgar subvención no punto primeiro da parte dispositiva deste informe, están debidamente inscritas no RMA nos epígrafes 10.1 ou 10.5 de dito Rexistro, “Asociacións veciñais” e “Sociedades culturais, recreativas, deportivas, ateneos, círculos, liceo, casas rexionais”, respectivamente, cumprindo así co disposto nas bases primeira e segunda da norma reguladora das subvencións.

Porén, se propón ao órgano competente a desestimación de 5 solicitudes:

1. **Asociación Bicos de Papel** (G-27847672) (EXPTE: 9659-320), inscrita no RMA co núm. 1379-20, no epígrafe 1.1. *Asistencial e Saúde*, e non no epígrafe 10.1 ou 10.5, como se esixe nas bases da convocatoria.
2. **Asociación Cultural Traspés** (G-27739861) (EXPTE: 9668-320), inscrita no RMA co núm. de rexistro 1113-10, no epígrafe 02. *Cultura e Arte*, e non no epígrafe 10.1 ou 10.5, como se esixe nas bases da convocatoria.
3. **Asociación Folclórica, Cultural e Veciñal Andarela (G-36698686) (EXPTE: 9664-320)**: inscribiuse no RMA co núm. de rexistro 162-90 no epígrafe 2.3 e por resolución do Concelleiro de Participación Cidadá de data 16/05/2018, a petición da interesada (núm. documento 180018234) acordou inscribir a modificación de epígrafe coa clasificación 10.5. Porén, tal e como se ven advertindo en convocatorias anteriores (2018 e 2019), non concorre a condición de beneficiaria da dita entidade á vista dos seus antecedentes, fins e obxectivos, as actividades principais que desenvolve e das relacións que mantén con esta concellería, considerando que non opera no movemento veciñal nin traballa no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns nin as súas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que presta o Concello de Vigo, o cal, xunto ao cumprimento dos demais requisitos esixidos, habilitaba a concorrer nesta convocatoria pública. A este respecto, a dita entidade achega o mesmo programa de actividades presentado no ano 2019 e practicamente igual que no ano 2018, polo que habendo indentidade substancial na documentación achegada á presente convocatoria do 2020, cómpre propoñer a súa desestimación polos mesmos fundamentos.
4. **Asociación Española Contra el Cáncer** (G-28197565) (EXPTE: 9674-320), inscrita no RMA co núm. 66/88 no epígrafe 01. *Asistencial e Saúde*, e non no epígrafe 10.1 ou 10.5, como se esixe nas bases da convocatoria.





## Concello de Vigo

5. **Asociación Pro Escola Semente Galega** (G-27789536) (EXPTE. 9705-320) inscrita no RMA co núm. 1255-15, no epígrafe 1.1. *Asistencial e Saúde*, e non no epígrafe 10.1 ou 10.5, como se esixe nas bases da convocatoria.

b) Todas as solicitudes para concorrer no procedemento se solicitaron no prazo establecido ao efecto na base oitava.

c) En ningún caso se superan os límites cuantitativos establecidos na base cuarta da convocatoria, a saber:

- Programa I: en ningún caso, a contía de 5.000 €
- Programa II: en ningún caso, o cantidade de 5.000 €
- Programa III: o 80 % do orzamento presentado e o máximo de 15.000 €

d) Todas as asociacións ás que se lle concede subvención, teñen sede social ou delegación no termo municipal de Vigo (Base 2.1).

e) Dos seus estatutos e normas reguladoras despréndese que ditas entidades teñen obxectivos e fins coincidentes cos establecidos nas bases, dispoñendo dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos mesmos (Base 2 e 3).

f) As entidades que resultaron beneficiarias da subvención teñen debidamente xustificadas en tempo e forma as axudas que se lle outorgaron na Área de Participación Cidadá, de conformidade coa Base 6.2, apartado 1º. Enténdese cumprido este requisito, respecto das entidades solicitantes, que non concorreron á convocatoria do ano 2019, ou que, se ben concorreron, non obtiveron subvención ou renunciaron á subvención outorgada, polo que, non se lle outorga ningunha puntuación polo criterio de “xustificación de subvención”, previsto na Base 10.h) da convocatoria.

g) Incorpóranse ao expediente a certificacións acreditativas de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AET, Facenda da Xunta de Galicia, e Concello de Vigo, así como das obrigas coa Seguridade Social.

h) Constan as declaracións de que as entidades beneficiarias non se atopan incursas en ningunha das prohibicións do art. 13 da LXS.

i) As asociacións concorreron achegando a solicitude e anexos á solicitude, regulada na Base 9ª e aprobada como modelo oficial

j) Incorpórase como Anexo I á acta, da Comisión de Valoración, de conformidade da Concellería de Participación Cidadá coa realización das obras en locais municipais, sede de entidades asociativas, que se subvencionan no Programa III (“Gastos en investimento: obras e adquisicións de inmobles”).

### **PRAZO E CONTIDO DA RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN**

O concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, con data 26/10/2020, conforme ao establecido no apartado 11ª das bases da convocatoria (“procedemento: instrución, resolución, notificación e/ou publicación, recursos e renuncia”) resolveu o nomeamento dos titula-

res da Comisión de Valoración que preside, de conformidade coa dita base, cos seguintes membros:

Vogal 1	Titular	Carla Candia Paz	A xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local,
Vogal 2	Titular	Marta Alonso Posada	Administrativa da Administración Xeral
Secretaria	Titular	Carla Candia Paz	A xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local,

Na parte dispositiva deste informe proposta, incorpórase a relación das trinta e nove (39) entidades as que se lle propón conceder subvención, para os Programas para os que solicitou axuda.

Proponse, por outra lado, desestimar ás solicitudes relacionadas a continuación, xa que as mesmas non cumprían coas condicións e requisitos establecidos para acadar a condición de beneficiaria.

Deste xeito, a comisión de valoración, en xuntanza de 26/10/2020, conforme á información e documentación obrante no expediente, procede a realizar a avaliación das solicitudes presentadas cos resultados expostos na acta da comisión asinada por todos os seus compoñentes e que se achega xunto co expediente, acordando o seguinte:

### DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN

Das solicitudes achegadas, segundo o disposto nas bases 1<sup>a</sup>.d) (beneficiarias das subvencións), 2<sup>a</sup> (*Requisitos dos Solicitantes*) e 6<sup>a</sup> (*Desestimación das Solicitudes*) da norma reguladora das subvencións, acórdase propor a desestimación das presentadas por 6 persoas ou entidades, que non reúnen os requisitos para obter a condición de beneficiaria, é dicir, entidades, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións, que operen no movemento veciñal e traballen no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que presta o Concello de Vigo, inscrición que, xunto ao cumprimento dos demais requisitos esixidos, habilitaba a concorrer nesta convocatoria pública:

<b>TÁBOA 1 (Non inscritas no RMA. Epígrafes 10.1-10.5 como entidades de carácter veciñal ou non operar no movemento veciñal ))</b>		
<b>CIF/NIF</b>	<b>ENTIDADES</b>	<b>NÚMERO DE REXISTRO</b>
G-27847672	Asoc. Bicos de Papel	200139612
G-36698686	Asociación Folclórica e Cultural e Veciñal Andarela	200142418
G-27739861	Asociación Cultural Traspés	200143386



## Concello de Vigo

<b>TÁBOA 1 (Non inscritas no RMA. Epígrafes 10.1-10.5 como entidades de carácter veciñal ou non operar no movemento veciñal )</b>		
G-28197564	Asociación Española conta el Cáncer	200145360
G-27789536	Asociación Pro-Escola Semente Vgo	200148842

### RETIRADA DE CONCEPTOS SOLICITADOS POR NON CONSIDERARSE CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

Unha vez analizadas as solicitudes presentadas, e conforme á base terceira da convocatoria de subvencións “Gastos subvencionables”, a comisión de valoración considera que non son gastos subvencionables os descritos a continuación dentro dos Programa I (Gastos de Mantemento) e Programa II (Equipamento inventariable das sedes sociais):

<b>TÁBOA 2 (Solicitudes con “Gastos Non Subvencionables” conforme á base 3º da convocatoria)</b>			
<b>CIF</b>	<b>ENTIDADES</b>	<b>PROGRAMA</b>	<b>CONCEPTO</b>
G-36649374	Asociación Veciñal Nosa Terra de Alcabre	I	Ramos de flores
G-36648996	Asociación Veciñal Pardavila	II	Polos e mascararas serigrafiadas Trofeo
G36842284	Asociación Veciñal A Miñooca	II	Caramelos Hidroxel
G-36791291	Agrupación de Centros Culturais e Deportivos	II	Servizo Furgoneta (malla protectora e 4 rodas)

### DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES DE MODIFICACIÓN DE PROXECTOS INICIAIS

As entidades que se describen a continuación presentan no rexistro web, con posterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes de subvencións, unha solicitude de modificación do concepto subvencionable.

Se propón a desestimación da solicitudes de rectificación de ditas entidades xa que as mesmas se producen unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes establecido aos efectos, ao tempo que, tampouco pode ser considerada como unha emenda da documentación presentada ou dun defecto subsanable nin unha mellora voluntaria das solicitudes, ao abeiro do artigo 39 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo das Administracións Públicas (LPAP).

En definitiva, **ditas solicitudes supoñen unha reformulación ou modificación “de facto” do proxecto inicialmente presentado, realizada fóra de prazo e non contemplada nas bases da convocatoria:**

<b>TÁBOA 3 (Novas solicitudes con conceptos non contemplados en algún programa da solicitude inicial)</b>			
<b>CIF</b>	<b>ENTIDADES</b>	<b>PROGRAMA</b>	<b>CONCEPTO</b>
G-36648996	Asociación Veciñal Pardavila	I	Material de Oficina
G36842284	Asociación Veciñal A Miñoa	I	Señalización COVID Limpeza
G-36791291	Agrupación de Centros Culturais e Deportivos	II	Estanterias
G-27771195	Asociación Veciña Novo Vigo de Navia	II	Cadeiras

Unha vez eliminadas da relación as solicitudes indicadas nos parágrafos anteriores, optan a ser beneficiarias das subvencións as seguintes entidades:

<b>TÁBOA 4 : ENTIDADES BENEFICIARIAS</b>			
	<b>EXPTE</b>		<b>ENTIDADE</b>
1	9660	320	ASOCIACION DE VECINOS MONTE DA MINA DE CASTRELOS
2	9661	320	ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL
3	9662	320	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE MATAMA LA UNION
4	9663	320	ASOC VECINAL CULTURAL Y DEPORTIVA VAL DO
5	9665	320	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS FEIRA CABRAL
6	9666	320	ASOCIACION VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIANS
7	9667	320	AVCD LAVADORES
8	9669	320	SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA DE PARDAVIL
9	9670	320	ASOCIACION DE VECIÑOS DA TRAVESIA DE VIGO E ARRABALDOS AS NOSAS RUAS
10	9671	320	ASOCIACION SOCIEDADE CULTURAL DEPORTIVA E RECREATIVA HELIOS
11	9672	320	ASOCIACION DE VECINOS SAN ROQUE
12	9673	320	U.V.C.D CANDEÁN
13	9677	320	ASOC DE VECINOS DE EL CALVARIO
14	9678	320	ASOC VECIÑOS PLAZA DA MIÑOCA



## Concello de Vigo

15	9679	320	CENTRO R.A.CULTURAL CORUXO
16	9680	320	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS FONTE DO GALO
17	9681	320	ASOC VECIÑAL CULTURAL E RECREATIVA SAN MAMEDE DE ZAMANS
18	9682	320	CENTRO R. CULTURAL DE CABRAL
19	9684	320	ASOC CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS
20	9685	320	A.V.V. "CAMIÑO VELLO DE COIA"
21	9686	320	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE SARDOMA O CARBALLO
22	9687	320	ASOCIACION VECIÑAL DE CONSUMIDORES USUARIOS E CULTURAL EMILIO CRESPO D
23	9688	320	ASOCIACION DE VECINOS NOSA TERRA DE ALCA
24	9689	320	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CORUX
25	9690	320	ASOC VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA DE SAN MIGUEL DE OIA
26	9691	320	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O TORREIRO DE COIA
27	9692	320	ASOC DE VECINOS DE LA SALGUEIRA ROSALIA DE CASTRO DE VIGO
28	9693	320	SOCIEDAD CULTURAL Y DEPORTIVA ATLANTIDA
29	9694	320	ASOC DE VECINOS CRISTO DE LA VICTORIA
30	9695	320	ASOCIACIÓN VECIÑAL
31	9696	320	A.V.C.D. SAMPAIO
32	9697	320	ASOCIACION VECIÑAL DOUTOR FLEMING
33	9698	320	ASOCIACION VECIÑOS FREIXO
34	9699	320	CENTRO CULTURAL VECIÑAL E DEPORTIVO VIGO CENTRO
35	9700	320	AGRUPACION DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS DE VIGO
36	9701	320	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR
37	9702	320	ASOCIACION DE VECINOS DE NOVO VIGO
38	9704	320	ASOCIACION CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLA-DARES
39	9706	320	ASOC. COLECTIVO VECIÑAL CURVA SAN GREGORIO

## CONFORMIDADE COAS OBRAS EN LOCAIS MUNICIPAIS

Tralo estudo das solicitudes achegadas para o Programa III, correspondentes a “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles”, comprobouse que os locais onde desenvolven as súas actividades 9 das entidades solicitantes e onde se pretende executar as obras, son de titularidade municipal.

No momento de xustificación das subvencións recibidas, as entidades beneficiarias deberán indicar o número de expediente ou copia da licenza outorgada pola Xerencia Municipal de Urbanismo, e no caso das comunicacións previas, o servizo de Participación Cidadá, solicitará un informe de conformidade emitido por dita Xerencia.

Como anexos ao presente informe, constan no expediente os seguintes documentos:

**1. ACTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN e ANEXO I á ACTA** da conformidade da Concellería de Participación Cidadá coa realización das obras en locais municipais, que son obxecto de subvención no Programa III. Obras.

**2. INFORMES COMPLEMENTARIOS (2)** explicativos das puntuacións realizadas nos criterios:

a) “Colaboración coa Administración Local”

b) “Xustificación das subvencións outorgadas no ano 2019”

**3. TÁBOA “BAREMO”** na que se reflicten os datos e puntuacións obtidas por cada entidade en cada un dos criterios obxecto de valoración (**ANEXO II**)

Á vista do exposto anteriormente, una vez avaliadas as solicitudes achegadas pola Comisión de Valoración e, de conformidade coa Base 11 da norma reguladora da subvención, fórmulase proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal:

### **RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN DE FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2020:**

**PRIMEIRO: CONCEDER**, ás trinta e nove (39) entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 9240 4890000, denominada “*Subvencións a entidades cidadás*”, cunha dotación de 180.000 €, e/ou á partida presupostaria 9240 7800010, chamada “*Transferencias de Capital Asociacións*”, dotada con 150.000,00 €, subvención en concepto de “Gastos de mantemento” (Programa I), “Gastos en investimento: equipamento” (Programa II) e/ou “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles” (Programa III), correspondentes á “*Convocatoria das subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2020*”, polo contía total que se reflicte a seguir:

CIF	ASOCIACIÓN	MANTEMENTO				EQUIPAMENTO				PROXECTO	Total Puntos
		PROXECTO	Total Puntos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Puntos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL		
G-27762434	Asociación Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro	Gastos de mantenimiento: luz, tf-internet, auga, alarma, asesoría, arrendamento, imprenta-copias, material oficina, gastos de persoal	65	15.231,19 €	4.847,84 €	Material masaxes. Armario Estanterias. Mesa. Vinilo e estores. Radiadores. Espello. Tatami. Material COVID (alfombra, dispensador xel, termómetro, xel hidroalcohólico)	50	4.651,24 €	2.626,13 €	Reposición tarima. Reparación ventás. Pintado do local social	45
G-36648640	A.V.C.S. San Miguel de Oia	Gastos de mantenimiento: auga, calefacción-climatización, luz, tf-internet, alarma, asesoría, limpeza, seguros, material oficina, material COVID, avarías, mantemento equipos informáticos	84	20.410,70 €	5.000,00 €	Mobiliario. Material Audiovisual, Son, Luz e Escénico. Material actividades	78	10.360,59 €	4.096,77 €	Instalación sistema contra incendios	61
G-36709004	A.V. Doutor Fleming	Gastos de mantenimiento: tf-internet, auga, luz, limpeza, extintor, asesoría, rex. Mercantil. FNMT, seguros, impostos, comunidade, correos, imprenta-copias, material oficina, consumibles, material COVID, carpintería-aluminio, gastos persoal	61	7.598,23 €	4.549,52 €	Material informático. Mámpara metacrilato	43	443,59 €	443,59 €		

		MANTEMENTO			EQUIPAMENTO						
G-36649325	Asociación Veciñal "O Carballo" de Sárdoma	Gastos de mantemento: auga, luz, tlf-internet, prensa, extintor, alarma, limpeza, seguros, material oficina, imprenta-copias, consumibles, avarías, limpeza e material COVID 19	72	6.786,50 €	5.000,00 €	Ordenadores, estanterías, mesas, mobiliario, proyector, TV e son	69	4.476,72 €	3.624,07 €	Colocación e instalación 4 unidades de aire acondicionado. Reparación fachada anterior e exterior e revisión xeral da cuberta e canos.	80
G-36651073	A.V.C.D. De Cabral	Gastos de mantemento: auga, luz, tlf-internet, asesoría, limpeza, impostos, seguros, gastos persoal	74	20.129,00 €	5.000,00 €	Radiadores eléctricos. Grelas a medida Espello Mural	53	2.247,82 €	2.247,82 €	Instalación porta de aluminio	41
G-36644904	A.VV Rosalía de Castro da Salgueira	Gastos de mantemento: luz, tlf-internet, asesoría, limpeza, seguros, imprenta-copias	62	7.398,90 €	4.624,10 €	Ordenador	42	750,00 €	750,00 €	Reparación de fendas e arranxo de fachada e ventás.	57
G-36648186	A.V. Camiño Vello de Coia	Gastos de mantemento: auga, tlf-internet, luz, calefacción-climatización, alarma, asesoría, extintor, limpeza, desinfección Covid, seguros, impostos, publicidade, consumibles, imprenta-copias, prensa, material oficina, ferretaría, electricidade, pintura	67	5.418,37 €	4.997,01 €	Estufa. Portatil. Proyector. Destrutora papel.	62	1.513,03 €	1.513,03 €		



		MANTEMENTO			EQUIPAMENTO						
G-36691855	A.V.C.R. San Mamede de Zamáns	Gastos de mantenimiento: luz, calefacción-climatización, tlf-internet, extintor, asesoría, seguros, impuestos, material oficina, correos, imprenta, felpudo hixie-nizante, fontanería	67	8.419,34 €	<b>4.997,01 €</b>	Cadeiras Plegables	54	1.415,70 €	<b>1.415,70 €</b>	Climatización Local	67
G-36659829	A.V. De Coruxo	Gastos de mantenimiento: Tlf-internet, asesoría, seguros, correos, imprenta-copias, material oficina, limpeza, cotas, impuestos, consumibles, ferreteria, material COVID	66	6.326,37 €	<b>4.922,43 €</b>	Material informático	42	522,29 €	<b>522,29 €</b>	Cambio de porta, adecuación anti-pánico. Reparación calefacción Reparación Alumeado	64
G-36842284	A.V.V. Da Miñooca	Gastos de mantenimiento: Tlf-internet, asesoría, seguros, consumibles, imprenta, correos, material oficina, avarías, ferreteria	74	6.282,79 €	<b>5.000,00 €</b>	Mobil. Pantalla TV. Eq. Informático. Armario. Espello. Lector Música. Dispensador Hidroxel	76	5.657,55 €	<b>3.991,73 €</b>		
G-36648103	A.V.C.D. Sampaio	Gastos de mantenimiento: auga, calefacción-climatización, luz, tlf-internet, alarma, seguros, ferreteria	66	8.470,00 €	<b>4.922,43 €</b>	Material informático	49	700,00 €	<b>700,00 €</b>		

		MANTEMENTO			EQUIPAMENTO					
V-36655017	A.V. Fonte do Galo	Gastos de mantenimiento: luz, tlf-internet, auga, alarma, asesoría, limpeza, extintor, seguros	65	7.340,00 €	4.847,84 €	Deshumidificadores	58	626,42 €	626,42 €	
G-36645885	A.VV Casco Vello	Gastos de mantenimiento: auga, alarma, asesoría, extintor, limpeza, seguros, material oficial, correos, ferretería, gastos persoal	80	10.486,00 €	5.000,00 €					
G-36623593	A.V.C.D."Monte da Mina" de Castrelos									Reparación de pintura e impermeabilizante cuberta exterior este
G-36640860	A.V. C.U. "Val do Fragoso"	Gastos de mantenimiento: auga; luz; teléfono-internet, alarma, asesoría, mantenimiento ascensor, impuestos, seguros, imprenta-copias	54	6.378,92 €	4.027,44 €					

		MANTEMENTO			EQUIPAMENTO					
G-36648293	A.V. Do Calvario	Gastos de mantenimiento: luz, auga, tlf-internet, asesoría, extintor, limpeza, seguros, correos, imprenta, material oficina, aquaservice, prensa.	72	6.264,41 €	5.000,00 €	Ordenador. Disco duro. Armario rak. Mesas	64	2.356,49 €	2.356,49 €	
G-36632081	A.V.C.V- C.S.C.R de Beade	Gastos de mantenimiento: auga, luz, tlf-internet, alarma, asesoría, limpeza, seguros, impostos, correos, imprenta-copias, material oficina, avarías, reparacións eléctricas, ferretería, outros gastos mantenimiento, gastos persoal	88	28.560,22 €	5.000,00 €	CPU. Estanterías. Aspiradora, Xaboneiras. Termómetros. Alfombra Hixienizante. Acondicionador de aire.	69	4.337,79 €	3.624,07 €	Mantemento do local exterior e interior para as actividades
G-36648988	A.V.C.D. "San Xurxo" Saians	Gastos de mantenimiento: auga, luz, tlf-internet, gas, alarma, asesoría, extintor, impostos, seguros, correos, imprenta-copias, material oficina, mantemento caldeira, gastos persoal	71	10.105,81 €	5.000,00 €	Teléfono, equipamento baño, equipos de luz, futóns ioga, material COVID (dispensadores, mampara, termómetros)	58	2.697,65 €	2.697,65 €	Pasamans e baranda para rampa minusválidos e ventilación do local social
G-36654036	A.V. De Matamá "A Unión"	Gastos de mantenimiento: luz, tlf-internet, asesoría, limpeza, extintor, seguros, impostos, consumibles, imprenta-copias, material oficina	70	4.429,91 €	4.460,07 €	Mesa plegable, carpa 8m * 4m, billas lavabos	68	4.073,77 €	3.571,54 €	

		MANTEMENTO			EQUIPAMENTO					
G-36659894	A.V. De San Roque	Gastos de mantenimiento: auga, luz, tlf-internet, extintor, limpeza, comunidade, seguros, impostos, imprenta-copias, material oficina, cartelería, correos	62	5.368,08 €	4.624,10 €	Material informático, mesas plegables, proyector, regletas e prolongación, menaxe cociña, material deportivo, purificadores de aire, dispensador xel, sulfatadora desinfectante	65	5.205,92 €	3.413,98 €	
G-36633618	A.V.C.D. Lavadores	Gastos de mantenimiento: auga, luz, tlf-internet, calefacción, prensa, asesoría, impostos, seguros, imprenta-copias, material oficina, ferretería, electricidade, reparacións, gastos persoal	82	13.030,77 €	5.000,00 €	Pc Portátil, monitor, mesa salón, estantería, megafonía, campana, bomba trasvase, bomba sumerxible, corta setos, hidrolimpiadora, cortacésped, marcos cadros e elementos de exposición, 22 papeleiras pedal	74	9.477,70 €	3.886,68 €	Reformas e conservación das instalacións 81
G-36640985	.A.V. "As Nosas Rúas"	Gastos de mantenimiento: Auga; luz, tlf-internet, asesoría, limpeza, seguros, comunidade, seguridade social, megafonía, material de oficina	61	8.814,76 €	4.549,52 €					
G-36649374	A.V. "Nosa Terra" Alcabre	Gastos de mantenimiento: auga; luz; tlf-internet, alarma, seguros, material oficina, imprenta-copias, consumibles, ferretería	61	5.924,76 €	4.549,52 €	Material informático e software. Proyector. Pantalla e trípode. Toldo terraza	56	2.492,92 €	2.492,92 €	

		MANTEMENTO			EQUIPAMENTO						
G-36648608	A.V.Emilio Crespo de Navia	Gastos de mantenimiento : auga, luz, tlf-internet, asesoría, extintor, páxina web, xornais, impostos, seguros, correos, imprenta-copias, material de oficina, limpeza, ferretería, electricidade, teas, gastos de persoal	74	10.116,76 €	5.000,00 €	Software Socios, mesa, estantería, alfombra, micrófonos, instrumentos, deshumidificador, teléfono, atriles	62	3.088,55 €	3.088,55 €	Conservación e mantemento local (reparación desconchados e fendas)	62
G-36622793	A.V.V Cristo da Victoria de Coia	Gastos de mantenimiento: auga, calefacción-climatización, luz, tlf-internet, alarma, asesoría, seguros, impostos, consumibles, ferretería, avarías	67	7.565,00 €	4.997,01 €	Mobiliario oficina. Caldeira	62	4.845,14 €	3.256,41 €		
G-36648996	Asociación Cultural Recreativa Deportiva "Par-davila"	Gastos de mantenimiento: auga, luz, tlf-internet, alarma, asesoría, extintor, impostos, seguros, imprenta, correos, prensa, ferretería, electricidade, carpintería-aluminio	57	4.612,29 €	4.251,19 €	Dispensadores hidroxel Termo.	46	427,98 €	427,98 €	Dobre ventanal aluminio	53
G-36972024	Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio	Gastos de mantenimiento: auga, luz, tlf-internet, limpeza, asesoría, arrendamento, seguros, impostos, correos, material oficina, consumibles, avarías, ferretería	48	9.468,37 €	3.579,95 €					Obras de acondicionamento do local: cambio de ventás, porta do baño, accesibilidade (rampa)	43

		MANTEMENTO			EQUIPAMENTO				
G-27771195	Asociación de veciños de Novo Vigo	Gastos de mantenimiento: tlf-internet, arrendamento	49	6.074,07 €	<b>3.654,53 €</b>	Portátiles. Plastificadora. Termómetro. Tubo ventilador, purificador aire	49	2.310,85 €	<b>2.310,85 €</b>
G-36729796	AVV. Feira Cabral	Gastos de mantenimiento: auga, luz, tlf-internet, calefacción-climatización, extintor, limpeza, seguros, impostos, dispensador xel, material oficina, imprenta-copias, ferretería, electricidade, lavavajillas	65	6.687,18 €	<b>4.847,84 €</b>	SSD 2.5. 250 GB	54	53,78 €	<b>53,78 €</b>
G-27749217	A.VV. O Torreiro de Coia	Gastos de mantenimiento: luz, auga, tlf-internet, asesoría, arrendamento, seguros, material de oficina, imprenta-copias, material limpeza, Outros gastos de mantenimiento	53	6.122,04 €	<b>3.952,86 €</b>	Aspiradora. Termómetro.	38	364,00 €	<b>364,00 €</b>
G-36633428	S.C.D.R Helios-Bembrive	Gastos de mantenimiento: auga, luz, tlf-internet, alarma, asesoría, limpeza, seguro, consumibles, material oficina, imprenta-copias, correos, ferretería, carpintería	69	20.023,40 €	<b>5.000,00 €</b>	Ordenador. Discos duros. Cámaras. Instrumentos	54	3.193,07 €	<b>36,30 €</b>

		MANTEMENTO			EQUIPAMENTO						
G-36620854	S.C.D. Atlántida de Matamá	Gastos de mantenimiento: agua, luz, tlf-internet, alarma, limpieza, seguros, impuestos, imprenta-copias, correos, material oficina, consumibles, renting fotocopiadora	86	17.956,00 €	5.000,00 €	Material informático. Equipo son. Altosonido. Cámara Fotos, Nevera. TV.	71	4.227,00 €	3.729,11 €	Instalación material audiovisual Auditorio. Subministro e colocación porta entrada	67
G-36628543	A.C.D.Xestas	Gastos de mantenimiento: luz, calefacción-climatización, tlf-internet, alarma, impuestos, seguros, electricidad, ferretería, carpintería-aluminio, fontanería	60	7.968,00 €	4.474,93 €	Pc Ordenador. Proxectores. Cortasetos, Hidro-limpiadora	47	1.955,00 €	1.955,00 €	Muro exterior de bloques. Colocación de plaquetas en zona asador e escaleira acceso.	52
V-36658680	C.C.R.de Cabral	Gastos de mantenimiento: agua, luz, tlf-internet, calefacción, asesoría, extintor, limpieza, seguros, impuestos, correos, imprenta-copias, material oficina	73	14.107,62 €	5.000,00 €	Armario. Termo Vertical 200 L	59	4.042,90 €	3.098,84 €	Reparación Te-lado. Reparación Portas	65
G-36617082	C.C.R. De Valladares	Gastos de mantenimiento: luz, tlf-internet	72	5.565,00 €	5.000,00 €	Servidos. SAI Centrali-ña. Proxector. Cadeiras	73	6.350,00 €	3.834,16 €	Substitución piso linoleo en espazos do 1º andar (4ª fase) Substitución portas acristaladas (1º fase)	83

		MANTEMENTO			EQUIPAMENTO						
G-36654184	AVSCD. O Freixo	Gastos de mantenimiento: luz, tf-internet, calefacción-climatización, seguros, impuestos, consumibles	66	5.674,29 €	4.922,43 €	Material informático e oficina	56	2.024,60 €	2.024,60 €	Substitución do cierre de escaleiras	73
G-36863348	UVCD Candeán	Gastos de mantenimiento: auga, luz, calefacción-climatización, tf-internet, impuestos, consumibles, asesoría, alarma, seguros, imprenta-copias, material oficina, ferretería	80	15.650,00 €	5.000,00 €					Colocación tarima flotante	63
G-36631703	S.V.C.D. Nautilus. San Andrés de Comesaña										
G-36791291	Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo	Gastos de mantenimiento: luz, tf-internet, asesoría, seguros, impuestos, material oficina, material COVID, Gastos Personal	59	7.097,47 €	4.400,35 €	Material informático. Teléfono inalámbrico. Matetiral COVID (mamparas)	45	1.219,48 €	1.219,48 €	Reparación baños, ventás, porta e panel publicitario	49



		MANTEMENTO		EQUIPAMENTO		
G- 36627495	C.R.A.C.Coruxo	Gastos de mantenimiento: agua, luz, tlf-internet, calefacción-climatización, prensa, limpieza, extintor, seguros, impuestos, correos, imprenta-copias, consumibles, averías, ferretería	80	14.620,00 €	5.000,00 €	
				179.999,92 €		69.999,94 €

**SEGUNDO: DESESTIMAR**, segundo o disposto nas bases 1ª.d) (beneficiarias das subvencións), 2ª (*Requisitos dos Solicitantes*) e 6ª (*Desestimación das Solicitudes*) da norma reguladora das subvencións, acórdase propor a desestimación das presentadas por 5 entidades, que non reúnen os requisitos para obter a condición de beneficiaria, é dicir, entidades, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións, que operen no movemento veciñal e traballen no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que presta o Concello de Vigo, inscrición que, xunto ao cumprimento dos demais requisitos esixidos, habilitaba a concorrer nesta convocatoria pública:

<b>TÁBOA 1 (Non inscritas no RMA. Epígrafes 10.1-10.5 como entidades de carácter veciñal ou non operar no movemento veciñal )</b>		
<b>CIF/NIF</b>	<b>ENTIDADES</b>	<b>NÚMERO DE REXISTRO</b>
G-27847672	Asoc. Bicos de Papel	200139612
G-36698686	Asociación Folclórica e Cultural e Veciñal Andarrela	200142418
G-27739861	Asociación Cultural Traspés	200143386
G-28197564	Asociación Española conta el Cáncer	200145360
G-27789536	Asociación Pro-Escola Semente Vlgo	200148842

**TERCEIRO: DESESTIMAR, conforme á base 3ª da convocatoria**, os conceptos derivados de “Gastos non subvencionables” solicitados polas seguintes entidades nos Programa I (Gastos de Mantemento) e Programa II (Equipamento inventariable das sedes sociais):

<b>TÁBOA 2 (Solicitudes con “Gastos Non Subvencionables” conforme á base 3º da convocatoria</b>			
<b>CIF</b>	<b>ENTIDADES</b>	<b>PROGRAMA</b>	<b>CONCEPTO</b>
G-36649374	Asociación Veciñal Nosa Terra de Alcabre	I	Ramos de flores
G-36648996	Asociación Veciñal Pardavila	II	Polos e mascarar serigrafiadas Trofeo
G36842284	Asociación Veciñal A Miñooca	II	Caramelos Hidroxel
G-36791291	Agrupación de Centros Culturais e Deportivos	II	Servizo Furgoneta (malla protectora e 4 rodas)

**CUARTO: DESESTIMAR**, as solicitudes de modificación ou rectificación de proxectos, por tratarse de reformulacións ou modificacións “de facto” dos proxectos inicialmente presenta-



**Concello de Vigo**

dos, realizadas fóra de prazo e non contempladas nas bases da convocatoria, que se relacionan deseguido:

<b>TÁBOA 3 (Novas solicitudes con conceptos non contemplados en algún programa da solicitude inicial)</b>			
<b>CIF</b>	<b>ENTIDADES</b>	<b>PROGRAMA</b>	<b>CONCEPTO</b>
G-36648996	Asociación Veciñal Pardavila	I	Material de Oficina
G36842284	Asociación Veciñal A Miñoa	I	Señalización COVID Limpeza
G-36791291	Agrupación de Centros Culturais e Deportivos	II	Estanterias
G-27771195	Asociación Veciña Novo Vigo de Navia	II	Cadeiras

**QUINTO: NOTIFICAR** o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015 do PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 do PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

**SEXTO: INFORMAR**, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.

**SÉTIMO: ORDEAR**, aos efectos do disposto no art. 20 da LSG, e publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en aplicación dos principios recolleitos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, unha vez aprobadas as subvencións concedidas con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida o obxectivo e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org))

**OITAVO: AMPLIAR** o prazo de xustificación das subvencións outorgadas, regulado na cláusula décimo terceira das bases, ata o día **30 de novembro de 2020** [..]

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(977).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE CATRO SUBALTERNOS/AS PARA CONSERXERÍA. EXPTE. 36608/220.**

Visto o informe de fiscalización do 09/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 05/11/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I.- Con data de sinatura electrónica, a Xefa da Área de Réxime Interior, solicita o nomeamento de catro subalternos/as, manifestando o urxente nomeamento para correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

II.- En resposta a esta petición, a concelleira-delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 27/10/2020 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo, para proceder baixo a modalidade que resulte oportuna, ao nomeamento interino do persoal solicitado.

III.- Con data de sinatura electrónica, emíttese informe técnico de cuantificación económica, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*



## Concello de Vigo

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

### **"FD CUARTO.-**

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

## **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TRE-BEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tare-

fas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de catro meses (ata o 31/12/2020), dentro dun período de doce meses.

O/a funcionario/a interino/a percibirá o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 155-subalterno/a), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito da Xefa da Área de Réxime Interior, así coma na Instrución de servizo da concelleira-delegada Área de empresa, economía, seguridade e organización



## Concello de Vigo

municipal, na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico que consta no expediente (trámite 23) e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar reiteracións innecesarias, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de catro Subalterno/s para conserxería, supón un gasto de **44.806,86 €** (da referida cantidade 12.837,08€, corresponde a presente exercicio e, 31.969,78€ ao vindeiro exercicio 2021), e ao que haberá que engadirse a cantidade de **14.529,68 €** (da referida cantidade 4.162,73€, corresponde a presente exercicio e, 10.366,95€ ao vindeiro exercicio 2021), en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento dos exercicios 2020 e 2021, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.

### V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente

*“Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Subalterno/a, existen listaxes viventes con persoas en condicións de ser notificadas.*

*Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Subalternos/as a, Y Alonso Souto con dni \*\*\*3353\*\*, a U M González Pereira con dni \*\*\*7193\*\*, a N Iglesias Álvarez con dni \*\*\*3093\*\*, e a S M García Pousa con dni \*\*\*5124\*\*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referidos nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

## VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de recursos humanos e formación e da sra. concelleira-delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos de alcaldía en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de catro funcionarios/as interinos/s por acumulación de tarefas, como Subalternos/as (cod.155), ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do servizo de conserxería expresadas na solicitude.

O gasto de este expediente supón un importe de **44.806,86 €** (da referida cantidade 12.837,08€, corresponde a presente exercicio e, 31.969,78€ ao vindeiro exercicio 2021), e ao que haberá que engadirse a cantidade de **14.529,68 €** (da referida cantidade 4.162,73€, corresponde a presente exercicio e, 10.366,95€ ao vindeiro exercicio 2021), en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento dos exercicios 2020 e 2021, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como **Subalternos/as** a *Y Alonso Souto con dni \*\*\*3353\*\**, a *U M González Pereira con dni \*\*\*7193\*\**, a *N Iglesias Álvarez con dni \*\*\*3093\*\**, e a *S M García Pousa con dni \*\*\*5124\*\**, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faránse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorra o prazo máximo dos seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto posto cód. 155-subalterno/a, sendo adscrito ao Servizo de Conserxería sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral da funcionaria interina nomeada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de





## Concello de Vigo

mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados/as, ao Servizo de Conserxería, á Intervención xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(978).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO PARA EL FINANCIAMIENTO DO PROGRAMA DE CONCERTOS "OUTONO LÍRICO 2020". EXPTE. 3366/330.**

Visto o informe xurídico do 06/11/2020 e informe de fiscalización do 13/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 03/11/2020, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 12 de xuño do 2020, "A Asociación de Amigos de la Ópera de Vigo" presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do Programa de Concertos Outono Lírico 2020; por este motivo, con data 2 de novembro do 2020, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, por importe de 60.000 € (50.000 euros achegados polo Concello máis 10.000 euros achegados pola Deputación en virtude de convenio co Concello de Vigo) con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.05 do orzamento municipal vixente.

### **ANTECEDENTES.-**

A asociación "AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO" é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afición á música como actividade tanto cultural coma social.

### **PROGRAMA E ORZAMENTO:**

O Festival Outono Lírico está composto este ano de oito eventos que se detallan a seguir:

**Día 20 de setembro ás 20:30 horas. Teatro Afundación. Operación Retorno**

Luis Cansino (barítono)  
Ruth Iniesta (soprano)  
Jesús León (tenor)  
Manel Esteve (barítono)  
Nando Llera (actor)  
Ensemble OSV 430  
Dirección musical.- Diego García Rodríguez  
Dirección escénica.-Eugenia Corbacho  
Video e Iluminación .-Alejandro Contreras

**PROGRAMA:**

Overtura (La Gazza Ladra. Rossini)  
“L'onore!, ladri! ...” (Falstaff. Verdi)  
“Favorita del re ... Spirto gentil” (La Favorita. Donizetti)  
“E strano ... sempre libera” (La Traviata. Verdi)  
“Or dove fuggo ... Ah per sempre io ti perdei” (Puritani. Bellini)  
“Era uguale la voce” (Gianni Schicchi. Puccini)  
“Si vendetta, tremenda vendetta ...” (Rigoletto. Verdi)  
“Venti scudi ...” (Elisir d'amore. Donizetti)  
“La moral di tutto questo” (Don Pasquale. Donizetti)

**Día 1 de novembro ás 19.30 horas na sede do Teatro Afundación. Regreso a la pasión.**

**Intérpretes:**

Ismael Jordi (tenor)  
Marina Comparato (mezzosoprano)  
Sonia de Munck (soprano)  
Javier Franco (barítono)  
Felipe Bou (bajo)  
Ensemble OSV 430  
Dirección musical.- Manuel Coves  
Dirección de escena.- Ignacio García  
Video e iluminación.- Alejandro Contreras  
MARINA COMPARATO(mezzosoprano)  
ISMAELJORDI (tenor)

**PROGRAMA:**

“Pourquoi me réveiller” (Werther. Massenet)  
“Mon coeur s'ouvre a ta voix” (Samson et Dalila. Saint-Saëns)  
“Ella giammai m'amo ...” (Don Carlo. Verdi)  
“Je veux vivre” (Romeo et Juliette. Gounod)  
“Alzati! ... Eri tu” (Un Ballo in Maschera. Verdi)  
“Belle nuit, ô nuit d'amour” (Les contes d'Hoffmann. Offenbach)  
“Il rival salvar tu dei ... Suoni la tromba (Puritani. Bellini)  
“Angiol di Pace” (Beatrice di Tenda. Bellini)  
“Au fond du temple saint” (Le Pêcheurs de Perles. Bizet)  
“Chi mi frena in tal momento” (Lucia di Lammermoor. Donizetti)



**Concello de Vigo**

### **Opera en el Cine**

**Auditorio do Concello. 20,00 h. ENTRADA LIBRE**

- 23/9/2020 "SALOMÉ".
- 7/10/2020 "GIANNI SCHICCHI".
- 28/10/2020 "CAVALLERIA RUSTICANA".

### **Hoy, hablamos de... "Mi Libro"**

**Sala de Conferencias Sede Social Afundación. 19,30 h. ENTRADA LIBRE**

- 15/10/2020 "Gregory Kunde, una vida para cantarla".  
José Luis Jiménez (periodista y crítico operístico) y Gregory Kunde (tenor)
- 30/10/2020 "Beethoven: un retrato vienés".  
Victoria Stapells y Arturo Reverter (críticos operísticos)

### **AS NOSAS VOCES. Auditorio Martín Códax (Conservatorio de El Castro)**

**18/10/20. 19,30 h. ENTRADA LIBRE**

#### **Ópera y Zarzuela**

MARINA PENAS (soprano), PABLO CARBALLIDO (tenor),  
PEDRO MARTÍNEZ TAPIA (bajo-barítono)  
CARLOS E. PÉREZ (piano)

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto da subvención directa polo importe total de 92.911,68 € (noventa e dous mil novecentos once euros con sesenta e oito céntimos), dos que o Concello de Vigo achega 60.000 euros (50.000 achegados polo Concello máis 10.000 achegados pola Deputación en virtude de convenio asinado co Concello de Vigo), o que supón un 64,67% do orzamento xeral, e que inclúe todos os gastos que se xeneraron como consecuencia da programación.

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- CIF da empresa
- Escrituras da empresa
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente
- Certificado de conta bancaria

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a "Asociación de Amigos de la Ópera de Vigo" para o financiamento do Programa de Concertos "Outono Lírico 2020", rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orza-

mentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a "Asociación de Amigos de la Ópera" deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2020 como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordanza do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a "Asociación de Amigos de la Ópera" ten como obxecto financiar o desenvolvemento do Programa de Concertos "Outono Lírico 2020", figurando na aplicación **3340.480.00.05** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 60.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a "Asociación de Amigos de La Ópera " é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

De xeito excepcional, pola demora na tramitación do expediente do convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra (expte 3485/330) que financia con 10.000 € a programación subvencionada (Outono lírico 2020), propónse á Xunta de Goberno Local a ampliación do prazo estipulado nas "Normas de peche do exercicio orzamentario 2020" (expte 70/142) para a presentación dos xustificantes e rendición das contas correspondentes, de forma que se remitirá para a súa comprobación con data límite 30 de novembro do 2020

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte



**Concello de Vigo**

## **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 60.000 € (sesenta mil euros) a "Asociación de Amigos de la Ópera" CIF. G36622116, para o financiamento do Programa de Concertos "Outono Lírico 2020" organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.05 "AS. AMIGOS DA OPERA DE VIGO. OUTONO LÍRICO", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se amplíe o prazo estipulado nas "Normas de peche do exercicio orzamentario 2020" (expte 70/142), para a presentación dos xustificantes e rendición das contas desta subvención, de forma que a xustificación remitirase para a súa comprobación con data límite 30 de novembro do 2020*

*TERCEIRO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:*

### **OBRIGAS DA ENTIDADE**

- 1.- Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola EMPRESA, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Daniel Diz Portela, vicepresidente da Asociación.
- 2.- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.- Cumprir o programa obxecto da subvención, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5.- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigonos elementos de difusión da actividade subvencionada
- 6.- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.  
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- 7.- A concesión da subvención á EMPRESA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- 8.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir

en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A EMPRESA presenta copia da póliza e do recibo do pagamento.

- 9.- A ENTIDADE será a responsable de velar polo estricto cumprimento da normativa vixente en relación ao covid 19, e adoptar todas as medidas de seguridade e hixiene que se deriven da mesma.

#### **OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa subvencionado.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (60.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### **MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

O centro xestor da subvención á EMPRESA é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

#### **PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conformo do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do



## Concello de Vigo

Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 30 de novembro do 2020.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que

resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2020 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.





**Concello de Vigo**

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

### **INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(979).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “ELIMINACIÓN DO VERTIDO EXISTENTE NA ZONA DE ALZA”- OBRAS DO PLAN DE INVERSIÓN DE AQUALIA. EXPTE. 1980/440.**

Dáse conta do informe-proposta do 29/06/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe dos servizos xurídicos-Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican no apartado III c) da parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- Con data 26 de xullo 2013 o enxeñeiro municipal D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na “Renovación das redes de saneamento e abastecemento nas parroquias de Cabral, Lavadores e Sárdoma”; informe á vista do cal o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 29 de xullo de 2013, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 2 de agosto de 2013, na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de “Renovación das redes de saneamento e abastecemnto nas parroquias de Cabral, Lavadores e Sárdoma”.

IV.- Con data 22 de outubro de 2019, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o Proxecto de “Eliminación do vertido existente na Zona de Alza”, redactado polo Enxeñeiro dIndustrial D. Casimiro Fontenla Bugallo, que recolle unha actuación que pola súa ubicación e natureza queda comprendida dentro do alcance da encomenda para a “*Eliminación do vertido existente na Zona de Alza*””. Este proxecto ten un presuposto de 108.833,57 Euros, IVE excluído e un prazo de execución de DOUS (2) meses. O proxecto consta de memoria, planos, prego de prescricións técnicas e orzamento.

V.- Con esa mesma data, a empresa concesionaria presenta os costes asociados correspondentes ao proxecto de referencia (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 4.568,27 euros (IVE excluído), que foron infor-



**Concello de Vigo**

mados favorablemente en data 129 de novembro de 2019 polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños.

**VI.-** Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de decembro de 2019 se acordou a Aprobar o proxecto técnico e os costes asociados para a execución das obras de Renovación da rede de abastecemento na Rúa Couto San Honorato cun presuposto de 108.833,57 Euros, IVE excluído e uns costes asociados de 4.568,27 €, (IVE excluído).

**VII.-** En data 4 de febreiro de 2020, Aqualia-FCC Vigo UTE presenta a documentación referida as características do contrato de obra, requirida no Acordo da Xunta de Goberno de data 8 de marzo de 2013, o que se fai referencia no Expositivo II. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 1.980/440
- Nome e razón social do adxudicatario: Sociedad Española de Aguas Filtradas, S.A.
- NIF: A28223741.
- Presuposto de execución material: 91.456,78 €
- Presuposto de contrata: 108.833,57 € (IVE excluído).
- Prazo de execución: 2 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: Non se exige.
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: ESINPRO.
- Coordinación de Seguridade e Saúde: CSM D. Óscar Pereio Taibo

De acordo co exposto, propónse á Xunta de Goberno Local:

1.- Quedar enteirada **da tramitación do seguinte expediente “Eliminación do vertido existente na Zona de Alza”, cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2013, que aproba o procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia.**

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **18(980).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO BALAIÓDOS”. EXPTE. 602/441.**

Visto o informe xurídico do 06/11/2020 e o informe de fiscalización do 10/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 19/10/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1º.-** O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 3230 aplicación orzamentaria 3230.622.00.05 (CUBRICIÓN DE PATIOS DE COLEXIOS).

**2º.-** Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4106-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 19 de setembro de 2019 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura,

como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

7º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 19 de setembro de 2019 que se corresponde co expediente administrativo 4106-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo arquitecto Leopoldo Salceda Alvite cun orzamento base de licitación máis IVE de **TRESCENTOS NOVENTA E SETE MIL CATROCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (397.485,15€)** e data outubro de 2018.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 30 de setembro de 2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 30 de setembro de 2020.
- D) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 30 de setembro de 2020.
- E) Certificado de crédito RC nº 202000058934 asinado polo Director Superior Contable.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras en data 14 de outubro de 2020.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 14.10.2020
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 15.10.2020.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 15.10.2020

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da



## Concello de Vigo

LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 01.07.2019) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO BALAÍDOS”** redactado polo arquitecto Leopoldo Salceda Alvite cun orzamento base de licitación máis IVE de **TRESCENTOS NOVENTA E SETE MIL CATROCIENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (397.485,15€)** e data outubro de 2018.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 15 de outubro de 2020.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **TRESCENTOS NOVENTA E SETE MIL CATROCIENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (397.485,15€)** sendo o importe correspondente ao IVE de **68.985,03 €**.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3230.622.00.05 (CUBRICIÓN DE PATIOS DE COLEXIOS).

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(981).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO CAMIÑO DA POMBA”. EXPTE. 644/441.**

Visto o informe xurídico do 05/11/2020 e o informe de fiscalización do 10/11/2020, daése conta do informe-proposta de data 13/10/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1º.-** O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 1532 aplicación orzamentaria 1532.619.00.06 (PLAN DE BEIRARRÚAS, COFINANCIADO DEPUTACIÓN)

**2º.-** Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4055-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 28 de xaneiro de 2019 de cuxa execución se trata. No devandito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

**7º.-** No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 28 de xaneiro de 2019 que se corresponde co expediente administrativo 4055-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCUENTA E TRES MIL TRESCENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (153.342,33 €), con sinatura dixital de data 12/05/2018.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 23 de setembro de 2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 23 de setembro de 2020.
- D) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 23 de setembro de 2020.
- E) Certificado de crédito RC nº 202000057013 asinado polo Director Superior Contable.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras en data 29 de setembro de 2020.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 6 e 7 de outubro de 2020.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 8 de outubro de 2020.
- I) Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 9 de outubro 2020.



**Concello de Vigo**

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 26.12.2018) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "**CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO CAMIÑO DA POMBA**", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCUENTA E TRES MIL TRESCENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (153.342,33 €), con sinatura dixital de data 12/05/2018.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 9 de outubro 2020.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CENTO CINCUENTA E TRES MIL TRESCENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (153.342,33 €)** sendo o importe correspondente ao IVE de 26.613,13 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.06 (PLAN DE BEIRARRÚAS, COFINANCIADO DEPUTACIÓN).

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(982).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA DA Balsa”. EXPTE. 645/441.**

Visto o informe xurídico do 05/11/2020 e o informe de fiscalización do 10/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 13/10/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, polo concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1º.-** O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 1532 aplicación orzamentaria 1532.619.00.06 (PLAN DE BEIRARRÚAS, COFINANCIADO DEPUTACIÓN)

**2º.-** Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4.053-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 6 de agosto de 2020 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

**7º.-** No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 6 de agosto de 2020, que se corresponde co expediente administrativo 4.053-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS SEIS MIL CINCOCENTOS NOVENTA E OITO EUROS E SENTA E NOVE CÉNTIMOS (206.598,69 €) e data de sinatura 14 de decembro de 2018.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo





**Concello de Vigo**

Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 23 de setembro de 2020.

- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 23 de setembro de 2020.
- D) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 25 de setembro de 2020.
- E) Certificados de crédito RC nº 2020000572315 asinado polo Director Superior Contable.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras en data 29 de setembro de 2020.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 07.10.2020
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 08.10.2020.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 09.10.2020

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 16.12.2018) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA DA Balsa - MATAMÁ”** redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira cun orzamento base de licitación máis IVE de **DOUSCENTOS SEIS MIL CINCOCENTOS NOVENTA E OITO EUROS E SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (206.598,69 €)**, e sinatura dixital de data 14 de decembro de 2018.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación de data 9 de outubro de 2020.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **DOUSCENTOS SEIS MIL CINCOCENTOS NOVENTA E OITO EUROS E SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (206.598,69 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 35.855,97 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.06 (PLAN DE BEIRARRÚAS, COFINANCIADO DEPUTACIÓN).

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(983).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA DA VENDA”. EXPTE. 652/441.**

Visto o informe xurídico do 05/11/2020 e informe de fiscalización do 10/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 17/10/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Á vista do erro no informe-proposta de data 13.10.2020 no que respecta á data indicada do PCAP na parte dispositiva emítese novo informe-proposta coa rectificación da mesma:



**Concello de Vigo**

## **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1º.-** O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 1532 aplicación orzamentaria 1532.619.00.06 (PLAN DE BEIRARÚAS, COFINANCIADO DEPUTACIÓN)

**2º.-** Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4.028-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 11 de xuño de 2020 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

**7º.-** No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 11 de xuño de 2020 que se corresponde co expediente administrativo 4.028-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS SESENTA E NOVE MIL TRESCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (269.358,34 €) e data de sinatura dixital de 12 de maio de 2018.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 23 de setembro de 2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 30 de setembro de 2020.
- D) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 28 de setembro de 2020.
- E) Certificado de crédito RC nº 202000057906 asinado polo Director Superior Contable.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras en data 2 de outubro de 2020.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 07.10.2020
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 08.10.2020.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 09.10.2020

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 19.12.2018) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA DA VENDA”** redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS SESENTA E NOVE MIL TRESCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (269.358,34 €) e sinatura dixital de data 12 de maio de 2018.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 09 de outubro de 2020.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **DOUSCENTOS SESENTA E NOVE MIL TRESCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (269.358,34 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 46.748,14 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.06 (PLAN DE BEIRARRÚAS, COFINANCIADO DEPUTACIÓN).



**Concello de Vigo**

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(984).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA JOSÉ RIVAS”. EXPTE. 653/441.**

Visto o informe xurídico do 05/11/2020 e informe de fiscalización do 10/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 13/10/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1º.-** O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 1532 aplicación orzamentaria 1532.619.00.06 (PLAN DE BEIRARRÚAS, COOFINANCIADO DEPUTACIÓN)

**2º.-** Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4029-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 28 de xaneiro de 2019 de cuxa execución se trata. No devandito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

**7º.-** No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 28 de xaneiro de 2019 que se corresponde co expediente administrativo 4029-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO OITENTA E SETE MIL NOVECENTOS CORENTA E TRES EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (187.943,64 €) e data de sinatura dixital 12 de maio de 2018.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 23 de setembro de 2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 30 de setembro de 2020.
- D) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 28 de setembro de 2020.
- E) Certificado de crédito RC nº 202000057897 asinado polo Director Superior Contable.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras en data 2 de outubro de 2020.

- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 7 de outubro de 2020.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 8 de outubro de 2020.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 9 de outubro 2020.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 19.12.2018) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA**



**Concello de Vigo**

**JOSÉ RIVAS**” redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO OITENTA E SETE MIL NOVECENTOS CORENTA E TRES EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (187.943,64 €) asinado dixitalmente en data 12 de maio de 2018.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 9 de outubro 2020.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CENTO OITENTA E SETE MIL NOVECENTOS CORENTA E TRES EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (187.943,64 €)** sendo o importe correspondente ao IVE de 32.618,32 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.06 (PLAN DE BEIRARÚAS, COOFINANCIADO DEPUTACIÓN).

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(985).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA SUBIDA A RELFAS-SÁRDOMA”. EXPTE. 654/441.**

Visto o informe xurídico do 05/11/2020 e informe de fiscalización do 10/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 19/10/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1º.-** O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 1532 aplicación orzamentaria 1532.619.00.06 (PLAN DE BEIRARÚAS, COFINANCIADO DEPUTACIÓN)

**2º.-** Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4057-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 28 de setembro de 2019 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

**7º.-** No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 28 de setembro de 2019 que se corresponde co expediente administrativo 4057-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira cun orzamento base de licitación máis

- IVE de NOVENTA E DOUS MIL CATROCENTOS CORENTA E TRES EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (92.443,29 €), con sinatura dixital de data 14/12/2018.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 23 de setembro de 2020.
  - C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 23 de setembro de 2020.
  - D) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 29 de setembro de 2020.
  - E) Certificado de crédito RC nº 202000057871 asinado polo Director Superior Contable.
  - F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinado polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras en data 14 de outubro de 2020.
  - G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 14.10.2020
  - H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 15.10.2020.
  - I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 15.10.2020

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 28.12.2018) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non





## Concello de Vigo

afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA SUBIDA A RELFAS - SÁRDOMA**” redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de **NOVENTA E DOUS MIL CATROCENTOS CORENTA E TRES EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (92.443,29 €)**, con sinatura dixital de data 14/12/2018.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 15 de outubro de 2020.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **NOVENTA E DOUS MIL CATROCENTOS CORENTA E TRES EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (92.443,29 €)** sendo o importe correspondente ao IVE de **16.043,88 €**.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.06 (PLAN DE BEIRARÚAS, COFINANCIADO DEPUTACIÓN).

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(986).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO PINTOR LAXEIRO”. EXPTE. 655/441.**

Visto o informe xurídico do 06/11/2020 e informe de fiscalización do 10/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 06/10/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 3230 aplicación orzamentaria 3230.622.00.05 (CUBRICIÓN DE PATIOS DE COLEXIOS).

2º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4238-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 24 de setembro de 2020 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

7º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 24 de setembro de 2020 que se corresponde co expediente administrativo 4238-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo arquitecto Emilio Estévez Fernández cun orzamento base de licitación máis IVE de **CENTO OITENTA E CINCO MIL CENTO CORENTA EUROS CON OITO CÉNTIMOS (185.140,08 EUROS)** e data Xuño de 2020 e con sinatura dixital de data 22/07/2020.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 30 de setembro de 2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 30 de setembro de 2020.
- D) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 30 de setembro de 2020.
- E) Certificado de crédito RC nº 202000058939 asinado polo Director Superior Contable.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras en data 14 de outubro de 2020.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 15.10.2020
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 16.10.2020.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 16.10.2020

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do



## Concello de Vigo

proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.**-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 04.09.2020) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.**- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

**Quinto.**- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.**- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.**- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO PINTOR LAXEIRO”** redactado polo arquitecto Arquitecto Emilio Estévez Fernández cun orzamento base de licitación máis IVE de **CENTO OITENTA E CINCO MIL CENTO CORENTA EUROS CON OITO CÉNTIMOS (185.140,08 EUROS)** e data Xuño de 2020

**Segundo.**- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 16 de outubro de 2020.

**Terceiro.**- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CENTO OITENTA E CINCO MIL CENTO CORENTA EUROS CON OITO CÉNTIMOS (185.140,08 EUROS)** sendo o importe correspondente ao IVE de **32.131,75 €**

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3230.622.00.05 (CUBRICIÓN DE PATIOS DE COLEXIOS).

**Cuarto.**- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **25(987).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CONCURSO DE PROXECTOS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A NIVEL DE ANTEPROXECTO, PARA A “CONEXIÓN PEONIL MEDIANTE ELEMENTO DE TRANSPORTE VERTICAL ENTRE AS RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO E VÍA NORTE”, NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 677/441.**

Visto o informe xurídico do 06/11/2020 e informe de fiscalización do 16/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 13/10/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1º.-** Actualmente está en construción no centro da cidade de Vigo o gran nodo de comunicación interurbano coa construción dunha estación intermodal nos terreos da antiga Estación de tren situada no entorno das rúas Urzáiz. Unha vez finalizadas as obras actualmente en execución, o entorno reunirá no mesmo ámbito a estación de autobuses, estación de trens e un gran centro comercial o que aumentará máis se cabe os elevados fluxos de comunicación que xa discorren polo ámbito ao encontrarse no centro do casco urbano e demandarán novas comunicacións que permitan asumir as novas intensidades de circulación peonil que os novos atractores sen dúbida xerarán. A futura estación intermodal, no marxe Sur, presentará un acceso peonil a cota tanto dende a rúa Urzáiz como dende Vía Norte dun modo adecuado.

Sen embargo, dende a marxe Norte a orografía cun elevado desnivel, sumado a existencia da autoestrada AP-9 fan que a conectividade peonil dende a zona litoral de García Barbón e Rosalía de Castro, con alta densidade de poboación, non exista dun modo directo cara a zona máis alta de Vía Norte e Urzáiz, salvo mediante percorridos retorcidos, de pendentes incomodas e de trazado perimetral a pesares de estar aproximadamente a 70 metros de distancia en planta.

**2º.-** Polo que dados os antecedentes e os condicionantes técnicos que presentan especial complexidade, trátase dunha actuación singular e relevante para a cidade de Vigo, e de cara a resolver a a conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño no entorno de García Barbón e Vía Norte, considerase que a mellor opción é a convocatoria dun concurso de proxectos con intervención de xurado, a nivel de anteprojecto, xa que este tipo de procedemento permite obter un maior número de propostas para unha avaliación máis completa das posibles solucións de accesibilidade, coa finalidade de seleccionar aquela proposta que aporte a definición da solución de maior calidade e excelencia dende o punto de vista funcional, estético, construtivo e económico, estimulando a creatividade e dando a posibilidade ao sector de participar na idea

**3º.-** O obxecto deste concurso de proxectos é a selección, por parte do xurado, dunha proposta desenvolvida a nivel de anteprojecto, que sirva de base ao correspondente proxecto técnico, básico e de execución das obras necesarias para levar a cabo a conexión peonil mediante elemento de transporte mecánico entre as rúas Serafín Avendaño no



## Concello de Vigo

entorno de García Barbón e Vía Norte, no Concello de Vigo.

A finalidade é analizar e propoñer unha solución de acceso que permita mellorar a mobilidade transversal entre as citadas rúas, condicionada pola localización e potencia das pendentes existentes e as infraestruturas viarias existentes. Ditos condicionantes esixen considerar en principio solucións mecánicas de acceso, que permitan unha maior factibilidade da accesibilidade peonil en ditos corredores e que esta sexa universal en ambos sentidos de circulación.

**4º.-** No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da convocatoria do concurso de proxectos asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario en data 8.10.2020, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente concurso de proxectos.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 08.10.2020
- c) Memoria económica asinada pola Técnico de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 26.10.2020.
- d) Certificado de crédito RCFUT nº 202000063482 asinado polo Director Superior Contable.
- e) Memoria xustificativa para a elaboración das bases reitoras do concurso de proxectos redactadas polo Servizo Xestor, e asinada en data 12.11.2020.
- f) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 13.11.2020.
- g) Bases reitoras do concurso de proxectos asinados pola Xefa do Servizo de Contratación en data 13.11.2020.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora as bases reitoras do concurso de proxectos.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do concurso de proxectos (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), os criterios de solvencia económica, técnica e profesional (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do concurso de proxectos con indicación de todos os conceptos que o integran, incluídos os eventuais premios aos participantes (artigo 116.4.d e 183.4 da LCSP), a xustificación do prezo e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 e 184.3 da LCSP) o seu carácter de concurso de proxectos suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 22.1 e 183.4 da LCSP.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación do concurso de proxectos, con intervención de xurado, a nivel de anteprojecto, para a “Conexión Peonil mediante elemento de transporte vertical entre as rúas Serafin Avendaño e Vía Norte”, no Concello de Vigo.

**Segundo.-** Aprobar as Bases reitoras que rexeran o concurso de proxectos, con intervención de xurado, asinadas pola Xefa do Servizo de Contratación de data 13 de novembro de 2020.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “CINCOCENTOS CINCUENTA E CINCO MIL OITOCENTOS SESENTA EUROS con SESENTA E DOUS CÉNTIMOS” (555.860,62 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 96.471,68 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1539.609.00.63 (VIGO VERTICAL, ASCENSOR URZAIZ VIALIA), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	354.180,51 €
2022	201.680,11 €
TOTAL	555.860,62 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**Concello de Vigo**

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- Rectificación de erro na modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias. Expte. 601/1102.
- Aceptación da subvención concedida para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego denominado "Vigo Capacita VI". Expte. 17848/77.
- Expediente de contratación da prestación do servizo de deseño e produción de cinco carrozas para a Cabalgata de Reis 2021. Expte. 8625/335.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

#### **26(988).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NA MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELEIROS-DELEGADOS DE ÁREA E NOS DEMAIS DELEGADOS DE COMPETENCIAS. EXPTE. 601/1102.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 19/11/2021, asinado pola secretaria de Goberno Local, a concelleira de Xestión Municipal e o alcalde, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 05/11/2020 acordou, entre outros, aprobar a modificación da delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias, así como o texto consolidado resultado de sucesivas modificacións.

Vista a comunicación remitida dende a Concellería Delegada de Fomento, apreciando erro material na modificación respecto da delegación III.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE FOMENTO E SERVIZOS, no apartado 2. En materia de Fomento, ao abeiro do artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas e, de conformidade coas competencias atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 124 LRBRL e demais normativa de aplicación, procede formular á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

**Primeiro.**- Rectificar o erro material apreciado no acordo da Xunta de Goberno Local de data data 05/11/2020, respecto da delegación III.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE FOMENTO E SERVIZOS. En materia de Fomento apartado 2., que quedará redactado nos seguintes termos

En materia de Fomento  
(...)

*2. Aprobar o Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos, salvo no caso dos contratos menores de obras; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a consideración de mera execución do contrato; emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa.*

**Segundo.**- Rectificar o erro material apreciado no texto consolidado do Acordo da Xunta de Goberno Local de Delegación de competencias de data data 05/11/2020, respecto da delegación III.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE FOMENTO E SERVIZOS. En materia de Fomento, apartado 2., quedando a redacción definitiva co texto que figura como Anexo único do presente acordo.

**Terceiro.**- Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as afectados/as para o seu coñecemento e efectos.

**Cuarto.**- Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

**Quinto.**- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.





**Concello de Vigo**

**Sexto.-** Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **TEXTO CONSOLIDADO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELEIROS-DELEGADOS DE ÁREA E NOS DEMAIS DELEGADOS DE COMPETENCIAS**

**Primeiro.** - Delegar nas Concellerías Delegadas das Áreas delimitadas por Resolución desta Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 modificada por Resolución de data 17.08.2020 as atribucións nas condicións particulares que se detallan de seguido:

#### **I.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO.**

1. Exercer as funcións legalmente atribuídas á Xunta de Goberno Local nas materias relativas a disciplina e infraccións urbanísticas, declaracións de ruína, ordes de execución e títulos habilitantes de natureza urbanística ou para o exercicio de actividades (licenzas, comunicacións previas ou declaracións responsables), agás as que lle puideran corresponder á outras Concellerías Delegadas en materia de espectáculos públicos e de actividades recreativas de carácter extraordinario ou as que supoñen unha ocupación do dominio público.<sup>1</sup>
2. As contratacións con cargo ao Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo que teñan a condición de contratos menores, de conformidade coa lexislación aplicable de contratación das Administracións Públicas.
3. O desenvolvemento da xestión económica derivada da execución do orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, en especial:
  - a) Incoar os expedientes de modificación de créditos que deberán ser aprobados polo Pleno do Concello.
  - b) Aprobar as transferencias de crédito, agás as que se realicen entre distintos grupos de función do orzamento e coas limitacións previstas no artigo 41 do Real decreto 500/90 do 20 de abril.
  - c) Aprobar os expedientes de xeración de créditos.
  - d) Aprobación da achega de remanentes de créditos.

<sup>1</sup> Paragrafo modificado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de xullo de 2019

- e) Autorización e disposición de gastos de persoal relativos ao complemento de produtividade, gratificacións e indemnizacións por razón de servizos, que estivesen comprendidos globalmente no orzamento.
  - f) Autorizar anticipos de caixa fixa e gastos a xustificar e aprobar as contas xustificativas dos mesmos.
  - g) Aprobar a devolución de ingresos indebidos.
  - h) Cancelar fianzas correspondentes a funcións da Xerencia.
  - i) Aprobar as liquidacións individuais de taxas por prestación de servizos, prezos e demais ingresos públicos propios da Xerencia Municipal de Urbanismo, así como as anulacións das mesmas.
  - j) Dispoñer, previo o cumprimento dos requisitos legais esixibles, o fraccionamento ou aprazamento dos ingresos urbanísticos.
  - k) Aprobar os gastos de representación e protocolo realizados polo Xerente.
4. En relación coa xestión económica e en ausencia do Xerente do Organismo Autónomo:
- a) Autorizar e dispoñer todos os gastos derivados dos contratos menores e todos aqueles polo importe fixado nas bases de execución orzamentarias do Organismo Autónomo cando non lle corresponda expresamente a outro órgano municipal.
  - b) Recoñecer e liquidar as obrigas derivadas de todos os gastos.
  - c) A ordenación de pagos.
4. A xestión do persoal, co Xerente de Urbanismo, agás as competencias reservadas legalmente ao Pleno da Corporación e as de carácter indelegable, de conformidade co disposto no art. 127.1.h) da Lei de Bases do Réxime Local.
5. Exercicio de accións administrativas e xudiciais nas materias ás que se refire este Acordo de delegación.

## **II.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DE ORZAMENTOS E FACENDA.**

1. O recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos.
2. Autorizar a devolución de fianzas derivadas das relacións contractuais, de ocupación de dominio público pola organización de eventos, as depositadas por débedas tributarias recurridas e calquera outras que se poideran ter depositado na Tesourería municipal.
3. Concertación de operacións de tesourería, cando o importe das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos liquidados no exercicio anterior.
4. En xeral, a xestión económica agás, os actos de autorización e disposición do gasto atribuída á Xunta de Goberno Local.



### **III.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE FOMENTO E SERVIZOS.**

#### En materia de Fomento<sup>1</sup>

1. Autorizar as obras e a ocupación de vía pública con motivo de realización de obras que se deban realizar para o funcionamento dos servizos, agás nos casos en que tal facultade corresponda a outro órgano.
2. Aprobar o Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos, salvo no caso dos contratos menores de obras; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a consideración de mera execución do contrato; emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa.<sup>2</sup>
3. Aprobar a prórroga do prazo de execución das obras e a suspensión dos contratos de obras.
4. Aprobación do proxecto de obras polo procedemento simplificado abreviado previsto no artigo 159.6 da LCSP ou normativa de aplicación.
5. Adopción do acordo de ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público (establecida no artigo 243.6 da LCSP, ou normativa de aplicación).
6. Acordar a continuación provisional das obras tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa cando a suspensión temporal total execución das obras ocasione graves prexuízos para o interese público, nos termos do previsto no artigo 242.5 da LCSP, ou normativa de aplicación.
7. Resolución do expediente de danos e perdas previsto no artigo 208.2, ou normativa de aplicación, nos contratos de obras.

#### En materia de Transportes<sup>3</sup>

1. Iniciar, impulsar e resolver expedientes, mesmo sancionadores, en materia de transporte en xeral e especialmente en materia do taxi, sen prexuízo das atribucións competenciais que poida dispoñer a normativa sectorial na materia.
2. Adoptar os acordos relativos ás autorizacións en materia de transporte escolar, taxi, así como cantas outras fosen necesarias para o desenvolvemento da actividade de transporte en todos os seus ámbitos.

1 Apartado En materia de Fomento modificado por acordo da Xunta de Goberno Local do 05 novembro 2020

2 Rectificación erro material acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de novembro 2020

3 Subapartado III modificado por acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de setembro de 2019

#### **IV.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE EMPRESA, ECONOMÍA, SEGURIDADE E ORGANIZACIÓN MUNICIPAL.**

##### En materia de Seguridade

1. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios.
2. Autorizar calquera ocupación temporal por terceiros do sistema viario público municipal, sempre e cando a ocupación non comporte a necesidade de establecer un réxime concesional sobre o dominio público ocupado, correspondendo no seu caso a elaboración dos informes que resulten legalmente pertinentes e, en xeral, calquera aproveitamento especial que se pretenda facer das vías públicas.
3. Autorizar as entradas de carruaxes dende a vía pública (licenzas de vaos), así como os aproveitamentos especiais sobre o dominio público consistente no tránsito de vehículos hacia os edificios e instalacións e viceversa, de conformidade co previsto na normativa xeral de aplicación e segundo o disposto nas disposicións de carácter xeral municipais.
4. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas as seguintes medidas:<sup>1</sup>
  - a. Reserva de estacionamento e paradas
  - b. Reservas especiais para persoas con discapacidade
5. Autorizar as cacharelas de San Xoán e a queima de material pirotécnico, de conformidade co disposto na normativa reguladora da materia.

##### En materia de Recursos Humanos

1. Conceder os permisos e licenzas de todo o persoal municipal mesmo naqueles supostos que impliquen redución ou diminución de xornada e permisos sen dereito a retribucións, previo informe do concelleiro delegado de área, dando conta, neste último suposto á Xunta de Goberno Local.
2. Recoñecemento do grao persoal e trienios.
3. Aprobación dos devengos retributivos derivados dos supostos de encomendas de funcións, acumulacións de tarefas, acumulación temporal de postos de traballo, produtividade e gratificacións por servizos especiais e extraordinarios, nocturnidade e festividade, nos termos do disposto nos actos administrativos de autorización ou aprobación dos ditos conceptos.
4. Determinación dos criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade, dando conta ao órgano delegante.

<sup>1</sup> Paragrafo modificado por acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de setembro de 2019



## Concello de Vigo

5. Autorización das atribucións provisionais de funcións, dando conta ao órgano delegante.
6. A declaración de situacións administrativas e xubilación do persoal municipal, autorización do reingreso ao servizo activo e a rehabilitación na condición de funcionario.
7. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local, agás no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios, materia esta competencia da área de Seguridade.
8. A aprobación e autorización de gastos en materia de persoal con cargo ao Capítulo I de gastos dos orzamentos municipais, así como dos gastos e indemnizacións que se tramiten pola Área de Recursos Humanos e Formación como centro xestor, excepto aqueles gastos que se correspondan coa selección, nomeamento, contratación ou prórroga de vínculo de servizo ou laboral de efectivos ao servizo do Concello de Vigo, cuxa autorización será competencia da Xunta de Goberno Local.<sup>1</sup>
9. A execución de sentenzas, autos e demais resolucións xudiciais, provisionais ou firmes, en materia de persoal, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
10. Execución dos requerimentos efectuados pola Inspección de Traballo e polas Entidades xestoras e Administración da Seguridade Social en materia laboral, en materia de Seguridade Social e no que respecta á actividade de Prevención de Riscos Laborais, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
11. Decisión sobre a interposición de recurso xudicial fronte a resolucións xudiciais non firmes en materia de persoal, previo informe sobre viabilidade xurídica do recurso que se emita pola Asesoría Xurídica Municipal.
12. Adoptar as medidas necesarias para a reasignación e redistribución de efectivos, provisión extraordinaria e urxente de postos de traballo existentes na Relación de Postos de Traballo municipal, traslados, cambios de adscrición e remoción do persoal.<sup>2</sup>

### En materia de SPPRL:

1. Garantir un sistema eficaz de xestión de seguridade e saúde laboral, buscando a súa mellora continua.
2. Determinar os mecanismos que permitan cumprir as obrigas en materia de seguridade e saúde laboral - formación, información, vixilancia da saúde, etc...- esixidas pola normativa vixente.
3. Fixar os mecanismos para a coordinación entre as distintas Áreas e Servizos do Concello de Vigo e entre estes e o SPPRL (Área de Recursos Humanos e Formación) a fin de integrar a prevención.

<sup>1</sup> Paragrafo modificado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2019

<sup>2</sup> Paragrafo engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2019

4. Nomear as figuras e/ou persoas que teñen asignada por lei funcións e responsabilidades concretas en materia de seguridade e saúde laboral -recursos preventivos, traballadores designados, traballadores autorizados ou cualificados, etc...- propostos por cada concellería delegada.
5. A aprobación dos procedementos de traballo seguro, as instrucións de traballo seguro, circulares informativas e os documentos de seguridade específicos en materia de seguridade e saúde laboral propostos por cada concellería-delegada e/ou polo SPPRL.

## **V.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL.**

### En materia de Contratación

1. A programación da actividade contractual, propoñendo a súa aprobación á Xunta de Goberno Local
2. A xestión prevista na normativa en materia de desindexación da economía española, para poder fixar a revisión periódica e predeterminada dos prezos do mesmo.
3. A aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas.
4. A aprobación da ampliación e modificación de prazos e outorgamento de prazos extraordinarios en expedientes de contratación para presentar ofertas ante posibles fallos técnicos, de interconexión entre as diversas plataformas que se empregan na contratación que poidan xerar problemas coa información que se lle facilita aos licitadores ou dificultades de estos á hora de presentalas súas ofertas electronicamente.
5. A aprobación da proposta de clasificación de licitadores formulada polo órgano correspondente.
6. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos salvo nos contratos de obras.
7. Resolver a exclusión dos licitadores cuxas ofertas inclúan valores anormais que impidan o seu cumprimento, e así se teña declarado pola Mesa de Contratación tras da tramitación do procedemento previsto na normativa de aplicación<sup>1</sup>

### En materia de Patrimonio

1. A xestión económica para tramitación e abono das cotas das Comunidades de Propietarios as que pertenza o Concello de Vigo, agás as correspondentes á XMU.
2. A xestión e aprobación das operacións rexistras de agrupación, división, agregación, e segregación de fincas de titularidade municipal; así como o inicio e resolución dos procedementos administrativos para a reanudación do trato sucesivo interrompido, supostos de dobre inmatriculación, excesos de cabida, cancelacións ou rectificacións de asentos, e demais procedementos de modificacións rexistras, de acordo coa lexislación hipotecaria, e referente aos bens e dereitos municipais inscritos. Exceptúanse, os bens

<sup>1</sup> Número 7 engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de setembro de 2019



## Concello de Vigo

pertencentes ao Patrimonio Público do Solo e, no seu conxunto, todas aquelas operacións ou procedementos rexistrados que resulten da actividade urbanística exercida pola Xerencia Municipal de Urbanismo, no ámbito das súas competencias.

3. A aprobación e autorización dos expedientes de gastos derivados da competencia desta Concellería en relación coa xestión do Pazo de Congressos Mar de Vigo.<sup>1</sup>

### En materia de Xestión Municipal

A competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten na área de Alcaldía, efectuar a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos da área de Alcaldía e a tramitación e adxudicación dos contratos menores da Alcaldía, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas.

## **VI.- NA CONCELLERÍA DELEGADA. DA ÁREA DE CULTURA, EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

### En materia de Emprego

A contratación polos procedementos legalmente establecidos e a extinción da relación laboral, agás a que sexa consecuencia de despedimento disciplinario das persoas que participan nos distintos programas de emprego.

## **VII.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DE MEDIO AMBIENTE E VIDA SAUDABLE.**

### En materia de Medio Ambiente

Outorgamento das preceptivas licenzas para a tenza de animais potencialmente perigosos, a súa inscrición no Rexistro municipal, así como calquera outra atribución en relación coa tenza de animais potencialmente perigosos que sexa delegable.

### En materia do Zoolóxico municipal

Altas, baixas, cesións e aceptacións gratuítas de animais –sen valor económico-.

### En materia de Cemiterios

1. Outorgamento de autorizacións en materia de policía sanitaria mortuoria, conforme co disposto na normativa de aplicación (transmisión de panteóns, nichos, cinceiros..).
2. Instrución e resolución de expedientes de autorización para o exercicio da actividade funeraria dentro do termo municipal de Vigo, agás ás referidas ao exercicio de dita actividade con establecemento.
3. Ditar ordes de execución a titulares de dereitos privativos de enterramento nos cemiterios municipais en nichos, panteóns, sepulturas en réxime de concesión ou semellante, para que realicen traballos de conservación.

<sup>1</sup> Paragrafo engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2019

## **VIII.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E FESTAS ESPECIAIS.**

### En materia de Comercio

1. Outorgar as autorizacións para o exercicio da venda ambulante, de acordo coa ordenanza municipal e as demais normas previstas na lexislación vixente na materia.
2. Outorgar cantas autorizacións e permisos resulten atribuídos ao Concello pola normativa sectorial, estatal ou autonómica, en relación coa actividade venda minorista, agás ás referidas ao exercicio da dita actividade con establecemento.

### En materia de parques e xardíns<sup>1</sup>

1. A dirección e coordinación do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, facultado para a adopción de cantas medidas de impulso, desenvolvemento e execución resulten precisas.
2. A competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten en relación coas competencias municipais en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos en dito ámbito, así como a tramitación e adxudicación dos contratos menores, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas

## **IX.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE IGUALDADE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA<sup>2</sup>**

### En materia de Igualdade

1. Concesión das axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto.

## **X.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL E CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE<sup>3</sup>**

### En materia de Política de Benestar social

1. Concesión das axudas para atención a persoas físicas, familias e unidades de convivencia, sempre e cando estas non excedan de 12.000 euros ano a cada beneficiario, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto
2. Resolver as solicitudes de prestación dos servizos de teleasistencia domiciliaria municipal e axuda no fogar e demais solicitudes de prestacións individuais para a prevención, asistencia e promoción social, para aqueles gastos previamente autorizados e comprometidos pola Xunta de Goberno Local.

1 Subapartado engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2020

2 Apartado IX engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2020

3 Apartado X engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2019





**Segundo.**-Así mesmo todos os concelleiros delegados das Áreas mencionadas na Resolución da Alcaldía do 18 de xuño de 2019 e posterior de data 17 de agosto de 2020 exercerán, por delegación desta Xunta de Goberno Local e con carácter xenérico, as seguintes atribucións:

1. Cando fose atribuída por lei á Xunta de Goberno Local, o exercicio da potestade sancionadora nos termos previstos na lexislación vixente cando se incumpran as normas xurídicas referentes a unha área, respectando as competencias que neste particular teña delegada a Xunta de Goberno Local, adoptando, no seu caso, as medidas de carácter provisional precisas.
2. Aprobación do proxecto de obras no caso de contratos que se adxudiquen a través de contrato menor. Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras, e de ser necesario os seus anexos. <sup>1</sup>Ditar resolucións e prestar a súa conformidade ás certificacións ou actas de recepción de obras, subministros, servizos ou asistencia técnicas relacionadas directamente coa xestión da súa área, comprendendo no caso de aprobación das certificacións finais, a autorización da ampliación do gasto cos límites do artigo 134.3.c do TRLC, ou normativa de aplicación.
3. Aprobar a autorización do inicio da prórroga dos contratos da súa Área.
4. A adxudicación dos procedementos abertos simplificados de tramitación abreviada previsto no artigo 159.6 da LCSP, ou normativa de aplicación, así como a prórroga <sup>2</sup> e resolución de cantas incidencias poidan xurdir na fase de tramitación.
5. A tramitación e adxudicación dos contratos menores no ámbito das concellerías delegadas conforme a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos conlevando a autorización e/ou disposición de gasto. Dita competencia abarcará a resolución de calquera incidencias respectos dos efectos, cumprimento e extinción de ditos contratos. <sup>3</sup>
6. A iniciación dos expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas delegadas así como a resolución de calquera incidencia que xurda durante a súa tramitación con carácter previo a aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación pola Xunta de Goberno Local<sup>4</sup>
7. A tramitación e adxudicación dos contratos menores, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas, nos termos establecidos polas Bases de Execución dos Orzamentos.
8. A iniciación dos expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas de competencia, sen prexuízo de dar cumprimento ás esixencias previas en canto á

1 Texto de aprobacións engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05 de novembro de 2020

2 Engadida a delegación de prórroga, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05 de novembro de 2020

3 Letra 5 modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de agosto de 2020

4 Letra 6 modificada por acordó da Xunta de Goberno Local de data 17 de agosto de 2020

motivación da súa necesidade e cantos requisitos se establezan na normativa de aplicación.

9. Efectuar a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos das súas áreas ditando ao efecto as ordes e instrucións que se estimen oportunas e propoñendo, no seu caso, ao órgano de contratación a apertura do procedemento sancionador ante posibles incumprimentos.
10. Autorizar as comisións de servizo con dereito a indemnización do persoal adscrito á súa área cando a duración das mesmas non sexa superior a cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar a comisión de servizos co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata disto á Concellería de Organización Municipal .
11. Autorizar, cando estean directamente relacionados coa función pública, a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento do persoal da súa área, de conformidade coas normas establecidas nas bases de execución do orzamento sempre e cando a duración do curso non supere os cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar o dereito á formación co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata á Concellería de Organización Municipal, través da Área de Recursos Humanos e Formación.
12. Conformar o cadro de vacacións anuais que elabore a Xefatura de Área ou Servizo encadrada en cada Concellería, e remitilo á Área de Recursos Humanos e Formación nos prazos establecidos aos efectos oportunos.
13. Coordinar a tramitación dos expedientes da súa competencia naqueles casos nos que afecte a outras Concellerías, recabando a emisión de informes das distintas áreas e a realización de cantas actuacións resulten necesarias para a conclusión dos expedientes.
14. Delegar nos/nas Concelleiros/as-Delegados/as de Área, para o seu concreto ámbito competencial e dentro da estrutura da súa área, as competencias en materia de seguridade e saúde laboral, agás as que estean atribuídas expresamente a outros órganos de goberno:
15. Dar debido e efectivo cumprimento ao contido dos requirimentos, mandamentos e exhortos xudiciais provenientes das autoridades xudiciais e da Inspección de Traballo en materia de seguridade e saúde laboral que correspondan ás operacións e actividades que se realizan na área de goberno da súa competencia, adoptando as medidas ordenadas nos mesmos, e dando conta á Xunta de Goberno Local. En materia de recursos humanos esta competencia corresponderá á Concellería Dda de Organización Municipal
16. A expedición de certificacións de silencio administrativo en relación cos expedientes obxecto de tramitación na súa Área delegada.
17. Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración interinstitucional con Administracións Públicas e institucións, universidades, centros de ensino, escolas de administración pública; en materia formativa de empregados



## Concello de Vigo

públicos, órganos directivos e cargos electos locais, así como de convenios de colaboración e/ou formación para a realización de prácticas no Concello de Vigo.

**Terceiro.**- As facultades que poderán exercer os concelleiros delegados en relación coas atribucións obxecto de delegación serán, na súa integridade, as que correspondan ao órgano delegante, reservándose, non obstante, esta Xunta de Goberno Local, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de revogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

**Cuarto.**- As resolucións administrativas que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas por este órgano delegante.

**Quinto.**- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 115 a 118 do RD 2568/1986, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, agás no relativo aos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resoltos polos propios concelleiros de Área.

**Sexto.**- Así mesmo, deléganse nos señores/as Concelleiros/as as facultades de revisión de oficio reguladas na normativa aplicable en materia de Procedemento Administrativo Común, cando o acto obxecto de revisión se tivese ditado en virtude de competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local.

**Sétimo.**- A Xunta de Goberno Local exercerá o control sobre o desenvolvemento e execución das competencias delegadas mediante a solicitude de informe cando o consideren axeitado baixo os parámetros que no marco da súa potestade de autoorganización determine.

**Oitavo.**- Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as afectados/as para o seu coñecemento e efectos.

**Noveno.**- Comunicar a presente resolución aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

**Décimo.**- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

**Décimo.**- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

**27(989).- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO DENOMINADO “VIGO CAPACITA VI”. Expte. 17848/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 19/11/2020, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de xestión, a xefa do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego (Resolución 23/10/2020) e polo o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. A Xunta de Goberno Local **sesión ordinaria do 20 de febreiro de 2020**, a proposta do concelleiro delegado de Cultura e Emprego, acordou:

Aprobar aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VI”, elaborado polo Servizo de Participación cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo.

Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na Orde do 27 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020, publicada no DOG. núm. 14, do 22 de xaneiro.

Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2020 e 2021, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

Delegar no Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego “VIGO CAPACITA VI”.

II. Con data do 18 de novembro de 2020, recíbese a notificación da concesión da subvención para a realización do proxecto de Obradoiro dual de Emprego denominado “VIGO CAPACITA VI” por resolución do Xefe Territorial de Pontevedra - Sede Vigo da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde de 27 de decembro de 2019 (DOG núm. 14 de 22 de xaneiro de 2020) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento TR353A), co número de expediente 36/00024/2020 na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de **346.946,00 €** para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se suscriban co alumnado e **30.000,00 €** para incentivos á contratación laboral

A resolución supón a aceptación das especialidades formativas solicitadas (Operacións básicas de cociña e Operacións de restaurante), e contará con 20 alumnos/as-traballadores/as, e unha equipo directiva composta de 1 director/a, 1 titor/a, 1 administrativo/a e 2 experto/a/s docentes.



## Concello de Vigo

Da cantidade global de concesión da subvención (**346.946,00 €**), 125.568,00 € corresponden á subvención para gastos de formación e funcionamento e 221.378,00 € para gastos salariais do alumnado-traballador participante no obradoiro. Tamén se concede a subvención, se é o caso, para incentivos á contratación laboral, polo importe de **30.000,00 €**

O órgano competente para adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local, de conformidade coas competencias atribuídas polo artigo 127 da LRBRL, previa remisión do expediente á Intervención Xeral Municipal.

Polo anteriormente exposto e, previa remisión do expediente á Intervención Xeral Municipal e coa conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data **18/06/2019**, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO**

*1.- Aceptar a subvención concedida para a realización do proxecto de Obradoiro dual de Emprego denominado "VIGO CAPACITA VI", mediante resolución do Xefe Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, notificada en data 18/11/2020, ao abeiro da Orde de 27 de decembro de 2019 (DOG núm. 14, de 22 de xaneiro de 2020) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de expediente 36/00024/2020, polo importe de **346.946,00 €** para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado.*

*2.- Encomendar ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a xestión do proxecto de obradoiro de emprego "VIGO CAPACITA VI", conforme aos criterios establecidos na referida Orde de 27 de decembro de 2019.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **28(990).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO E PRODUCCIÓN DE CINCO CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2021. EXPTE.8625/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e de fiscalización do 19/11/2020, dáse conta do informe-proposta de data 19/11/2020, asinado pola instructora do expediente (18/11/2020) e polo concelleiro-delegado de Festas, que di o seguinte:

#### **Primeiro.- ANTECEDENTES**

**1.-** O servizo de Festas da Área de Participación Cidadá ten previsto entre súas actividades de carácter sociocultural a organización da "Cabalgata de Reis 2021", que se vai celebrar na

nosa cidade o día 5 de xaneiro de 2021, polo que se fai necesaria a contratación do deseño e produción de cinco carrozas que tomarán parte na comitiva real.

**2.-** En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, a instrutora do expediente por decreto de delegación de data 17 de novembro de 202, coa conformidade do Concelleiro de Participación Cidadá e Festas, emite informe da necesidade e idoneidade e orden de inicio da contratación da prestación do servizo consistente na contratación do deseño e produción das cinco carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2021, asinado con data 18 de novembro de 2021.

**3.-** Memoria económica asinada por a instrutora de expediente coa conformidade do Concelleiro de Participación Cidadá e Festas de data 18 de novembro de 2020.

**3.-** Con data 19 de novembro, a instrutora do expediente asina a declaración do redactor/a do prego.

**5.-** Con data 19 de novembro pola instrutora do expediente redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares.

**6.-** Con data 19 de novembro a instrutora do expediente asina a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, conformada polo Concelleiro de Participación Cidadá e Festas,

**7.-** Redactase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 19 de novembro de 2020.

**8.-** O orzamento base de licitación co que se incluído que ascende **65.041,00 euros**, imputarase á aplicación 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio por importe de 45.528,70 € (70% do importe do prezo de contrato; e con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de 2021 por importe de 19.512,30 € (30% do importe do prezo de contrato).

## **Segundo.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.

Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.



**Concello de Vigo**

### **Terceiro.- FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**1.-** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

**2.-** O expediente de contratación iniciárase polo órgano de contratación de acordo co disposto no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP); no Concello de Vigo esta competencia atópase delegada nos Concelleiros de Area segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía de datas 20 de xuño de 2019 e 17 de agosto de 2020.

**3.-** En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP, a instrutora do expediente e o Concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas asinaron o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente no deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2021.

**4.-** En cumprimento do establecido nos artigos 116.4 e 116.3 da LCSP consta a memoria xustificativa asinada pola instrutora do expediente e polo Concelleiro responsable, e o prego de prescricións técnicas particulares asinadas pola instrutora do expediente e o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

**5.-** A contratación a realizar cualifícase como contrato de servizos de carácter administrativo, de conformidade co o establecido nos artigos 17 e 25 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). A presente contratación encádrase no contrato de servizos administrativos, sociais, educativos, sanitarios e culturais do Anexo IV da citada Lei.

O contrato adxudicarase por procedemento aberto mediante pluralidade de criterios de adxudicación, en aplicación dos artigos 131.2, 145, y 156.1 de la LCSP, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal. A tramitación do procedemento é a urxente conforme ao artigo 119 da LCSP da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que poderá ser obxecto de tramitación urxente dos expedientes correspondentes aos contratos cuxa celebración responda a unha necesidade inaprazable o cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de interese público.

A xustificación da tramitación de urxencia ven derivada da actual crise sanitaria que se iniciou o día 11 de marzo do 2020 cando a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia internacional. Para facer fronte á crise sanitaria foi necesario adoptar medidas inmediatas que resultaron eficaces para poder controlar a propagación da enfermidade. Neste senso o Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, permitiu facer fronte á situación de emerxencia sanitaria e protexer a saúde e seguridade dos cidadáns.

Posteriormente, con data 28 de abril de 2020 o Consello de Ministros adoptou el “Plan para a transición cara a unha nova normalidade” que estableceu os principais parámetros e instrumentos para a consecución da normalidade. Este proceso foi articulado en catro fases, fase 0 á fase 3, graduais e adaptables aos cambios de orientación necesarios en función da evolución dos datos epidemiolóxicos e do impacto das medidas adoptadas.

Así mesmo, e segundo o recollido no artigo 3 de RD 514/2020 de 8 de maio, en aplicación do Plan de desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte ao COVID-19, iniciouse un proceso de redución gradual das medidas extraordinarias de restrición da mobilidade e do contacto social establecidas mediante o citado RD 463/2020 de 14 de marzo.

Tras o proceso de desescalada e o fin da vixencia do estado de alarma, entrouse nunha etapa de nova normalidade, durante a cal os poderes públicos e as autoridades sanitarias continuaron tomando medidas dirixidas ao control dos brotes e frear os contaxios.

Na actualidade en España, rexístrase unha tendencia ascendente en número de casos positivos en coronavirus, o que nos sitúa nun nivel de risco alto o moi alto de acordo aos estándares internacionais e aos nacionais establecidos no documento de actuacións de resposta coordinada para o control da transmisión do COVID-19, aprobado no pleno do “*Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud*” do pasado 22 de outubro de 2020.

Con data 25 de outubro de 2020, foi publicado no BOE o Real Decreto 926/2020, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

O escenario de crise sanitaria antedito provocou incertidumbre sobre a posibilidade de realizar a Cabalgata de Reis 2021, polo que Concello de Vigo contratou coa empresa PREVENTECNIA, S.L. expediente (8647/335) un informe que inclúe o Plan de Prevención de Riscos da organización da Cabalgata de Reis 2021. O antedito plan establece a posibilidade de realizar o desfile tendo en conta o cumprimento dun estrito protocolo COVID, e realizando cambios con respecto ao desenvolvemento do evento. Estes cambios obrigan á supresión do desfile tradicional e á realización dunha modalidade de Cabalgata “estática” que deberá estar suxeita ao establecido no antedito plan en canto a medidas preventivas e organizativas.

A vista do exposto, e conforme ao recollido no informe do Plan de Autoprotección para o evento, polo servizo de Festas iníciase o expediente de contratación de deseño e produción das cinco carrozas por un trámite de urxencia derivado da incertidumbre provocada pola crise sanitaria e tendo en conta que trátase dun evento inaprazable (5 de xaneiro de 2021) e de interese público.

O Plan de Autoprotección e o protocolo COVID para o evento será de obrigado cumprimento para o adxudicatario. O control e seguimento do cumprimento do plan será realizado por un coordinador contratado ao efecto polo servizo de festas.

**6.-** Ao expediente incorporárase o informe favorable da Asesoría Xurídica e o o informe de fiscalización previa de Intervención Xeral.

**7.-** A competencia para aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación ao amparo da Disposición adicional segunda da LCSP. A resolución segundo o artigo 117 da citada lei deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:





**Concello de Vigo**

**PROPOSTA:**

**Primeiro.**- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo contratación do deseño e produción das cinco carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2021 (expediente nº 8625-335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 19 de novembro de 2020 asinado pola instrutora do expediente (decreto 17/11/20) o prego de prescricións administrativas particulares de data 19 de novembro de 2020, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

**Segundo** .- Autorizar un gasto de **65.041,00 euros**, que podería imputarse á aplicación 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio 2020 por importe de 45.528,70 € (70% do importe do prezo de contrato; e con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de 2021 por importe de 19.512,30 € (30% do importe do prezo de contrato).

**Terceiro.**- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

**Cuarto.**- Solicitar a declaración de urxencia do expediente.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**29(991).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás quince horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

A TENENTE DE ALCALDE  
Carmela Silva Rego.